



# Orbita

IES Ribeira do Louro | Número XIV | Xuño de 2019



- CELEBRAMOS
- SAÍDAS DIDÁCTICAS
- PREMIOS / PROXECTOS
- GRADUACIÓN
- LETRAS GALEGAS 2019:  
ANTÓN FRAGUAS


*Antonio Fraguas Fraguas*





## SUMARIO

Editorial	2
Cartas en órbita	2
Celebramos	3
Saídas didácticas	12
Premios	14
Actividades	22
Proxectos	25
Entrevistas	27
Orlas	33
Graduación	34
Deportes	35
Especial biblioteca	34
Especial Antón Fraguas	37
Premio Roberto Vidal Bolaño	39



Alguns números da revista Órbita

(en liña: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/node/890>)

## EDITORIAL

A revista *Órbita* que edita o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Ribeira do Louro chega, como cada ano, no mes de xuño para dar cabida nela a todos os traballos, saídas didácticas, proxectos e actividades que se fixeron ao longo do curso escolar, por parte do alumnado e do profesorado do centro. Imitando o traballo do mestre Antón Fraguas, este ano homenaxeado no día das Letras Galegas, propómonos recompilar o traballo feito, para que non caia no esquecemento e quede para sempre na nosa memoria.

O noso alumnado traballa arreo nas actividades que dende o Centro se propoñen, sexa teatro, olimpíada de bioloxía, club de lectura, club de matemáticas, actividades musicais e plásticas, magosto, Entroido, letras galegas e un longo etc durante todo o curso. Actividades das que aquí só vos podemos amosar pequenas instantáneas, pero que enchen nove meses de moito traballo colaborativo que vén a fornecer e a complementar o traballo didáctico nas aulas.

O Equipo de dinamización quere agradecer toda a axuda prestada, tanto por alumnado coma por profesorado e, tamén, dar os parabéns pola gran cantidade de traballos e actividades que se levaron a cabo durante o curso, que fan que esta revista sexa tan "gorda".

Sen esquecer que o motivo e obxectivo central dun equipo de Dinamización é a lingua galega, queremos lembrarnos que "*se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma*" como dixo Castelao, polo que vos animamos a seguir usando a nosa lingua en calquera actividade, porque o galego é de ciencias e de letras, de plástica e de educación física, de tecnoloxía e de bioloxía,.....

Dende o Equipo de Dinamización dámosvos as grazas pola colaboración e esperamos que gocedes da lectura destas páxinas.

*Equipo de Dinamización Lingüística  
O Porriño, Xuño de 2019*

## CARTAS EN ÓRBITA

Nesta sección imos publicar as cartas que os alumnos e alumnas do centro nos fixeron chegar e que consideramos poden ser do interese de todas e todos

## ACTUALIDADE

Como xa coñecemos todos, en Andalucía, ultimamente, os temas que máis se tocan na comunidade autónoma son os seguintes: a entrada do partido de ultradereita Vox no parlamento, todo o relacionado coa famosa Manada e, o último e máis recente, o asasinato dunha profesora en Huelva a mans dun home con antecedentes de asasinar unha muller e intentar violar outra.

Segundo un comentario dun integrante do partido Vox, «se un home ataca unha muller, é porque ela fixo algo...». Entón en base a este comentario, se un home malla en min, é porque eu fixen algo? Ou polo simple feito de pórmeme uns vaqueiros que me gustan, ten dereito

a pegarme?

Claro está, eu fixen algo: non denunciar; pero se Vox quere quitar a lei de violencia de xénero, a quen lle pido axuda?

Se a profesora de Huelva fixo algo, que foi? Saír a correr e que un home a matase sen dereito a quitarlle a vida?

A moza a que a Manada violou, que fixo? Pór uns vaqueiros apertados? A caso cada un non é libre de vestir como queira? Pero, claro, se eses homes a violaron, foi por algo.

Non parece absurdo? Para a sociedade parece que é normal que maten unha mestra por saír a correr e que violen unha rapaza pola roupa que leva. Pero se queremos que isto cambie, a próxima vez primeiro hai que pensar e ver o mundo con perspectiva e, logo, votar.

*Daniela Orge López, 3eiro A*



## O GALEGO CHEGA A CANNES

Unha vez máis o director de cine coruñés, Oliver Laxe, volve triunfar por terceira vez no festival de Cannes, celebrado en Francia. Esta vez cunha longametraxe en galego titulada «O que arde», na que se relata a historia dun pirómano, Amador, que sae do cárcere e regresa á súa vila galega xunto súa nai anciá. Os seus protagonistas son Amador e Benedicta, a actriz que interpretou este personaxe destacou pola súa espontaneidade na defensa da cultura galega, na rolda de prensa, decidindo non responder a aqueles que non se dirixían a ela en galego e mesmo bailando unha muiñeira na propia cerimonia.



Ana Alonso e Sara Pérez 1ºBach B

Amador Arias e Benedicta Sánchez con Oliver Laxe

## CELEBRAMOS

# Samaín, Concurso de Cabazas Poetas



Yasmine, Claudia e Israel de 1º de ESO foron os gañadores do Concurso da Cabaza poeta.

### 1º PREMIO, Claudia Alonso Álvarez

No Samaín, coa familia e cos amigos  
Daremos, pola noite, un gran festín.  
Se espíritos e espantallos  
Queremos afastar,  
Cabazas de medo debemos colocar.  
Do Halloween copiamos disfraces de terror,  
Pero o Samaín é a nosa tradición.  
Cabazas, xantares, espíritos e demais,  
Todos os anos son iguais.  
É moi difícil facer maldicións,  
Coas bruxas faremos xogos saltóns.  
O ano que vén repetimos a festa,  
Aínda que sexa sempre a mesma.

### 2º PREMIO, Israel Da Silva Núñez

Cabaciña, cabaceira  
Con ese sorriso serás a primeira.  
Cabaciña, cabazón  
Tes moita cabeza e pouco corazón.  
Cabaciña, calacú  
Asusta pantasma facéndolle "BUUU!"

### 3º PREMIO, Yasmine Fernández Carrera

Noite fría e escura  
Os defuntos saen  
Van ás casas e sustos dan.  
Cabazas tes que pór  
Para que os espíritos  
Non entren co mal.



# Magosto

Como cada ano no IES Ribeira do Louro celebramos o magosto.

Aínda que o habitual é que saiamos cara o Monte da Risca a pasar o día e facer o tradicional magosto, este ano, por mor do tempo, tivemos que facelo no instituto, pero non por iso, como podeades ver nas imaxes, a celebración foi menor e houbo ocasión, ademais de para degustar as castañas, para bailes e xogos tradicionais.



## 25 de novembro, día contra a violencia de xénero

### “NON MÁIS PEDRAS”

O 25 de novembro celébrase o Día Contra a Violencia de Xénero e neste ano xa levamos 47 mulleres mortas por esta lacra social por iso o alumnado deste centro xunto co C.P.I Ribeira, C.E.I.P Antonio Palacios, ACEESCA, e o Centro de Día de Torneiros decidimos facer unha cadea humana que chamamos “Enlaza Torneiros” na que xuntamos todas as mans para manifestar o noso rexeito á violencia de xénero. Este ano por culpa do mal tempo e os cambios meteorolóxicos imprevistos non puidemos realizar este acto así que o alumnado e profesorado do instituto reunímonos as 11:00h da mañá no patio situado diante da aula de música ata as 11:20 aproximadamente. Durante estes vinte minutos o alumnado de 1ºESO recitou os seus poemas de denuncia sobre a violencia de xénero. Neste acto houbo tamén algo moi emotivo xa que todo o alumnado e profesorado do I.E.S Ribeira do Louro, co son da guitarra do profesor de música David e o profesor de matemáticas Miguel xunto co alumno de 1º ESO C, Alejandro Gómez que tocou o pandeiro, cantamos unha canción reivindicativa de Leilía titulada “A voz das amigas”.

Tamén cabe destacar que o alumado de valores éticos puido visitar na biblioteca do centro unha exposición fotográfica prestada por Amnistía Internacional titulada “Non máis pedras” que trataba sobre un caso real de violación a unha muller en Madrid e o que lle pasou cando ía á comisaría, ao centro médico e todos os problemas que tivo no xuízo. Polo tanto a actividade consistía en poñer unha pedra en cada fotografía se

nós considerabamos que ese feito era unha pedra no camiño da moza violada. O feito de pór estas pedras como acto simbólico fixo que este ano, o lema do día Contra a Violencia de Xénero fose “Nin unha pedra menos”, outra actividade realizada polo profesorado do centro, o equipo directivo e polas alumnas de 1º de bacharelato B; Ana Alonso e Raquel López que “pintaron” o noso centro de violeta repartindo lazos morados, que estaban feitos polos alumnos e alumnas de valores éticos de 1ºESO, a profesores e alumnado e tamén, utilizando cartolinas e carteis para loitar contra este perigoso tipo de violencia.

Sara Castro Pérez  
4º ESO B





# Día da Paz, 28 de xaneiro

**C**oma cada ano no IES Ribeira do Louro celebramos o Día mundial da paz. Este ano fixemos unha lectura de poemas que reivindicaban o dereito a vivir en paz e o rexeitamento ao todo tipo de conflito bélico.

## VERSOS POLA PAZ

Coidemos máis as relacións  
para termos seres amados,  
no planeta as agresións  
levan a conflitos armados.  
O mellor libro é o da paz,  
cal escribiremos nós?

**Marta Estévez Alonso (1ºESO-C)**

Estreliña, pídoche un só desexo:  
que en vez de corvos  
haxa pombas,  
que en vez de sangue,  
pétalos de rosas.

**Yaiza Peralejo Pereiro (1º ESO-C)**

Neste sitio tan fermoso  
chamado Galiza  
algúns desalmados  
queren convertelo en cinza.  
Montes verdes, flora e fauna  
morren a mans de vermes  
coa axuda dos que calan.  
Loitemos sempre xuntos  
para parar o lume  
e solucionar os asuntos  
que teñen que ver co fume.

**Yasmine Fernández Carrera  
(1º ESO-C)**

Cantas mortes ten que haber?  
O chan vermello está,  
algo temos que facer  
quedados non podemos ficar.  
Os nenos loitan na guerra  
mentres rimos e xogamos.  
Berrar é moi sinxelo,  
paz saíamos reclamar;  
non teñamos medo,  
as caras altas deben estar.

**Jessica N. Cardozo Paredes  
(1º ESO-C)**

A pomba da paz  
chegou dende lonxe  
para rematar as guerras  
de onte, mañá e hoxe.  
O 30 de xaneiro  
quitamos o sombreiro  
recordando aqueles  
loitadores pola liberdade  
que defenderon a verdade.  
Neste día soleado  
morreu asasinado,  
un pensador, político e avogado  
que loitou pola independencia  
usando a non violencia.

**Shakira Costas Bargiela  
(1º ESO-B)**

É mellor  
É mellor resolvelo con palabras  
e non co sangue de inocentes.  
É mellor non prexulgar pola cor  
da pel  
e valorar polo tamaño do corazón.

**Iria Graña Rivera (1º ESO-B)**

Batallas sen vencedores  
Non hai gañador nas batallas  
non hai máis que dor nas miradas.

**Francisco Javier Martín Estévez  
(1º ESO-B)**

Voa a bolboreta,  
voa onde lle peta.  
Allea ao dano  
que lle están a facer,  
allea á dor  
daquela muller,  
aínda recorda  
o tempo de onte,  
días diferentes  
días que pasaban  
alegremente.

Voa a bolboreta,  
voa onde lle peta.  
**Simón Táboas (1ºESO-A)**

Eu a paz reclamo.  
Xa non hai sorrisos  
as guerras fannos dano  
xa nada é bonito.  
Eu quero estar a salvo  
que haxa amor infindo  
a tristura deixala no pasado  
e descubrir novos camiños.

**Saray Pereiro (1º ESO-B)**

Xente sen fogar  
nenos sen amor,  
todo para que outros  
vivan mellor.  
A violencia  
non ten conciencia.  
Fagamos o posible  
para que en paz se poida vivir  
e nunca da casa  
se teña que fuxir.  
No mundo hai moitas guerras  
con sangue e dor,  
non podemos paralas  
pero si dar amor.

**Jaime Collazo Álvarez (1ºA),  
Alejandro Alves Martínez  
(1ºA), Nicolás Conde (1ºA)  
e Leonardo M. Castro  
Fernández (1ºB)**

Amor e amizade  
harmonía e felicidade,  
da paz o significado  
vouche dar decontado.  
É moi sinxelo  
hai que ter ollos para velo,  
pero corazón para entendelo.  
Para usala, non fai falta permiso,  
a súa función enchernos de calma  
fai que por fin descanse a alma.

A paz  
non ten cheiro nin cor  
só se trata  
de non sentir dor.  
Cun bico, caricia ou aperta  
deixaráslle á paz  
a porta aberta.  
Trátase de facer ben  
a ti ou a alguén.  
A paz é un sentimento  
marabilloso e fermoso!

**Paloma Conde López  
(1ºESO D)**

A paz é  
alegría  
bondade  
pombas voando  
nenos xogando  
xente rindo  
xardíns limpos  
persoas sen fame  
familias con fogares.  
Gocemos do momento,  
gocemos da paz mentres temos  
tempo!

**Uxía Otero Cameselle (1ºESO C)**

As guerras son tercas  
sábeno os nenos e as nenas  
que saían as escopetas  
que entren os poetas.  
**Francisco José Rojano Martínez  
(1ºESO C)**





# Pleno no Concello do Porriño:



## “DÍA DO NENO E A NENA”

O día **20 de novembro**, con motivo do día internacional do neno e a nena, o Concello de O Porriño celebrou un pleno infantil, onde Marta Estévez Alonso e Alejandro Granja representaron o noso IES. No mes de maio realizouse un 2º pleno no que tivemos unha nova representante, Claudia Alonso. A continuación tedes as propostas que cada un deles fixo:

### PROPOSTA: Fomento do comercio local na parroquia de Torneiros. (Alejandro)

A parroquia de Torneiros é semiurbana, quedan poucas casas con campos de seu como noutras parroquias do concello de Porriño, Budiño ou Cans por exemplo, xa que a maioría dos seus habitantes viven en grandes bloques de edificios. Toda esta poboación vese obrigada a mercar os seus produtos básicos no Froiz, a única grande supercie comercial da parroquia.

Nós solicitamos o fomento do comercio local dando axudas a aquelas persoas que queiran abrir pequenas tendas que dean servizo á poboación coma carnicerías, froiterías, librerías, postos de reparación de calzado, floristarías e un longo etc de tendas que darían vida á zona.

Os habitantes desta parroquia poderían chegar andando aos comercios sen ter que coller o coche ata o centro de Porriño ou mesmo ata Vigo e contribuiría a mellorar a economía da zona, onde hai tanto paro.

Ademais, poderíase facer un día de mercado, unha feira, un día á semana, que non coincidise, por suposto, co martes que xa se fai na vila. Nesta zona viven moitas persoas que se dedican ao comercio de roupa nas feiras e tamén persoas que teñen atraccións de festas que poderían sacar proveito dun día de feira local. Para isto sería necesario habilitar as beirarrúas e, quizais, facer peonil unha rúa un día na semana, humanizando a contorna e creando un ambiente veciñal favorable, algo moi beneficioso para a boa convivencia.

### PROPOSTA: Humanizar Torneiros (Marta)

Torneiros é unha parroquia que medrou moito nas últimas décadas e ten aspecto de vila, sen selo. É unha parroquia moi poboada xa que a xente, na súa maioría, non vive en casas, senón en grandes bloques de edificios. Nós pedimos que se humanice, como xa se vén facendo de xeito tan acertado no centro da vila e para iso cremos que son necesarias medidas coma as seguintes:

1. Crear rúas peonís ou beirarrúas máis grandes onde haxa xardineiras e bancos que lle presten a sentar á xente e falar.
2. Mellorar o sistema de iluminación urbano.
3. Axeitar as instalacións do parque ALBA, que está bastante abandonado.
4. Crear unha zona onde os veciños poidan reunirse e falar, como unha praza, que lle dea vida á parroquia. Trátase de crear espazos públicos que axuden á convivencia.
5. Instalar fontes de auga potable, onde poidamos coller auga para as casas, porque estamos bastante asustados co tema do “lindano”.
6. Poñer máis colectores de lixo.
7. Chegado o Nadal colocar unha iluminación que chame a xente á saír á rúa con alegría.
8. Crear un concurso de “grafiteiros” para que nos pinten as paredes dos bloques de edificios que hai na zona do instituto como xa se ten feito noutras vilas con tanto éxito, dándolle un aspecto máis vital á zona e sacándolle de enriba ese aspecto actual de deterioro e tristura.
9. Poñer un servizo de bus urbano que una a parroquia co centro de Porriño, para que a xente que non ten posibilidade de coller o coche, poida ir en bus a facer as súas compras ou ir ao médico e logo vir de volta.

Humanizar unha parroquia coma Torneiros axudaría a integrar os veciños e veciñas e a convivir en igualdade. A xente animaríase a crear negocios e postos de traballo, porque a todo o mundo lle gusta traballar onde se vive con alegría.

### PROPOSTAS: (Claudia)

#### Creación dun carril bici.

Pensamos que é moi necesario crear un carril bici onde os afeccionados á bicicleta poidamos circular con tranquilidade sen ter que ir temerosos de que en calquera





momento no atropale un coche.

Digo os afeccionados a andar en bicicleta, porque para andar en bicicleta non fai falla ser ciclista profesional. A xente da miña idade non dispón de vehículos de motor, polo que a bicicleta é un medio de transporte habitual.

Necesitamos a seguridade de ir afastados da estrada, para que os nosos pais e nais nos deixen saír libremente, como eles facían de pequenos cando non había tanto tráfico. Este carril solucionaríaa, en parte, o problema que temos nas parroquias de comunicación co centro da vila, posto que un carril bici dende as parroquias ata o centro sería de grande utilidade para nós, xente miúda, que circulamos sobre dúas rodas e, de seguro, que moita máis xente se uniría ao mundo da bicicleta e con tal motivo contaminariamos menos. E falando de contaminación empato xa coa última demanda ou proposta:

### Saneamento do río Louro.

Temos un río precioso no noso concello. Un río que antigamente era fonte de vida e non me refiro só a a vida animal ou vexetal, senón a vida humana que dependía do río con muíños hoxe desaparecidos ou lugares onde se ía lavar a roupa. Todas as civilizacións se desenvolveron a carón dos ríos, mais os tempos evolucionan e agora compramos a fariña no supermercado e non imos ao muíño do río, lavamos a roupa na lavadora e non imos aos lavadoiros a pé de río. Isto non quere dicir que teñamos que descoidar a fonte de vida que deu orixe ao noso concello, polo que pedimos que se

canalicen as augas residuais que leva o noso río. Hai días nos que o río fede e as augas baixan dunha cor que non deberían ter, porque a auga do río non ter cor, é transparente.

Sería fermoso pasear a carón do Louro, pola Ribeira do Louro, como se chama o noso instituto, respirando fondo e podendo meter os pés na auga, sen medo a coller nada raro na pel.

Con este desexo acabo a miña exposición e dou as grazas no meu nome e no dos meus compañeiros e compañeiras por darnos a oportunidade de ser escoitados neste pleno, esperando que as nosas demandas se teñan en conta en futuras accións e inversións municipais.

*Alejandro, Marta e Claudia, 1º de ESO*



## 10 de decembro, día dos Dereitos Humanos

O 10 de decembro, como todos os anos, a Rede de Escolas de Amnistía Internacional do IES Ribeira do Louro festexa o día dos Dereitos Humanos cunha serie de actividades relacionadas; realizouse unha maratón de cartas que consiste na recollida de sinaturas a favor de tres defensoras dos DD HH: Marielle Franco, brasileira asasinada con catro tiros na cabeza por condenar os homicidios ilegítimos cometidos pola policía, defender as mulleres negras, á poboación LGTBI e a xente nova; Atena Daemi, condenada en Irán a 7 anos de cárcere por fomentar e defender o fin da pena de morte; e por último, Nawal Benaissa, que foi

condenada a dez meses polas autoridades marroquís por traballar a prol da xustiza social e para mellorar o servizo de saúde da rexión do Rift. Tamén, nalgunhas clases de inglés mandáronse WhatsApps de protesta apoiando estes casos.

Ademais varios grupos elaboraron unha árbore de Nadal cos Dereitos Humanos, e para iso empregaron perchas e cartolinas de cor amarelo onde foron recollidos os 30 artigos. Esta mesma árbore foi exposta na entrada.

*Mara Martínez*





## III Ruada Rosaliana, 24 de Febreiro

Por terceiro ano consecutivo un grupo de alumnos e alumnas da ESO saíron polas súas de Torneiros a cantar poemas de Rosalía de Castro a ritmo de muiñeira, xota, alalá, pasodobre e, mesmo, melodías máis actuais compostas pola alumna Alexia de 3º de ESO. Ademais do obrigado concerto no IES, fomos ao Centro de Día, a ACEESCA, ao CEIP Ribeira e ao FROIZ, que, coma sempre, nos agasallou co almorzo. O día 24 de febreiro conmemórase o nacemento da poeta galega da que cantamos poemas tan coñecidos coma “A negra sombra”, “Como chove miudiño” ou “Nacín cando as prantas nacen”.



No centro ACEESCA



8

## Entroido

Como é xa tradición no Centro celebramos o Entroido con actuacións das comparsas dos distintos cursos no Salón de actos. Cada grupo fai a súa comparsa sobre un tema escollido pola clase, prepáranse en horas de titoría e tamén no tempo de lecer. As comparsas máis valoradas son sempre as que teñen coreografías, temas de actualidade e, por suposto, coplas que coma toda boa copla de Entroido debe estar cargada de retranca e un pouquiño de protesta. Este ano, mesmo os profesores e profesoras non puideron resistirse a participar, pero, por suposto, a súa comparsa non entrou a concurso.



Comparsa de profesores e profesoras. Sabes quen é quen?





# 8 de marzo, día da muller

“MULLERES SOBRANCEIRAS DA HISTORIA”

## MONÓLOGOS TEATRAIS NO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



Un ano máis a comunidade educativa do IES Ribeira do Louro tivemos a oportunidade de coñecer mulleres sobranceiras da historia, grazas ao traballo dalgunhas alumnas do centro e ao da súa profesora Virxinia, xa que esta actividade, coordinada polo Departamento de Filosofía, na que incorporamos novas figuras femininas sobranceiras que cómpre coñecer.

### FRANÇOISE HÉRITIER

Chámome François Héritier e considéranme unha das máis importantes antropólogas sociais do século XX.



Nacín na localidade francesa de Veauce en 1933. Dende pequena entendín que todo estaba pensado para que tivese menos liberdade e posibilidades ca o meu irmán, pois a el non lle facían recoller a mesa nin adicar as súas tardes a bordar. Estudei en París na universidade da Sorbona e alí tiven a un profesor extraordinario que decidíu a miña vocación, Claude Lévi-Strauss, o introdutor do enfoque estruturalista nas ciencias sociais. Viaxei ao continente africano e realicei estudos de investigación do pobo samo en Burkina Faso e do pobo dogón en Malí.

A pesar do paso dos anos, na maior parte do mundo aínda hai tres grandes privacións para o xénero feminino. Primeiro, a privación da liberdade sobre o propio corpo da muller, xa que na maioría das sociedades non poden decidir se van ter fillos ou non (por iso os métodos anticonceptivos foron a maior revolución para a liberación da muller). A segunda, a privación ao acceso á educación e ao saber. E por último, o acceso a funcións de autoridade, sexan políticas, económicas ou relixiosas.

Semanas antes de que se producise a miña morte, en novembro de 2017, fixen unhas declaracións a prol do movemento #Metoo, ese movemento contra o acoso ás mulleres que se iniciou a partir dunha denuncia a un poderoso produtor de cine norteamericano, denunciado por acoso, abuso sexual e mesmo violacións. Para min,



que a vergoña cambie de bando é esencial. Que as mulleres no canto de agocharse como vítimas solitarias e desamparadas, utilicen o #Metoo para significarse e tomar a palabra paréceme prometedor. É o que nos faltou durante milenios: comprender que non estabamos soas. Moitas grazas.

### PATRICIA BATH

Chámome Patricia Bath e son a primeira muller negra afroamericana en patentar un aparello médico.



Nacín en Nova York en 1942, nun barrio pobre da cidade, no que a poboación afroamericana tiña moi poucas opcións para continuar os estudos. Afortunadamente meus pais sempre me animaron a ilustrarme e grazas a eles, e a un set de química de xoguete cun microscopio que me regalaban, acendéuseme o meu amor polas ciencias. Xa con 16 anos fun premiada polas

miñas investigacións científicas e grazas a unha bolsa de estudos puiden estudar química e logo medicina, especializándome en oftalmoloxía. En 1976 fun unha das fundadoras do Instituto Americano da Prevención da Cegueira, no que establecemos que "a visión é un dereito humano básico" e no que promovemos iniciativas para mellorar a visión das persoas con escasos recursos.

O meu máis famoso invento, aquel que cambiou a vida de miles de persoas arredor do mundo, é o Laserphaco Probe, un aparello que patentei en 1988 e que permitiu facer operacións de cataratas e recuperar a visión, sen dor e axiña. Teño contado que cando probei este aparello con éxito por primeira vez, funllo contar a un dos directores dun importante instituto de saúde e este respondeume que era imposible, non podía ser que eu conseguise o que moitos médicos intentarían en van durante anos. O feito de ser muller e ademais negra supúxome moita discriminación e que non se confiase nos meus coñecementos. Só despois dun paso por Europa foi celebrado o meu talento e o meu labor investigador. Moitas grazas.



# Día do pobo xitano, 8 de abril

Cada 8 de abril celébrase o día Mundial do pobo xitano. No IES Ribeira do Louro tamén o celebramos e este ano, ademais da exposición que vedes na imaxe, fixemos un concerto a cargo do alumnado, onde gozamos da música flamenca, a cargo do alumnado “Zamorano” e da rumba portuguesa acompañada de órgano por parte dos alumnos “Machado”.



# Xornadas dos Libros ás Letras

Este ano celebráronse no Centro as **Primeiras Xornadas dos libros ás Letras** coa finalidade de unir o 23 de abril, día do libro, co 17 de maio, día das Letras galegas. Tomando como lingua vehicular da actividade o galego, quíxoselle dar visibilidade ás distintas literaturas das demais linguas que se imparten no instituto.

10

## LINGUA PORTUGUESA, 25 DE ABRIL

Os alumnos e alumnas de 1º de ESO falan do libro de poemas que leron este curso *O pássaro da cabeza* de António Pina. Os de 2º da ESO fixeron unha exposición sobre o 25 de abril, revolución dos cravos e o acto rematou cos dous cursos cantando a coro Grândola Vila Morena do Zé Afonso.



## LINGUA INGLESA

Os alumnos e alumnas de inglés, coordinados pola profesora María Villar, fixeron unha magnífica representación teatral de *The Canterville Ghost*.



## LINGUA FRANCESA

A profesora Adelaida Urceira foi encargada de traballar cos seus alumnos e alumnas de francés a “Francofonía” e o Salón de Actos converteuse nunha porta cara os países de fala francesa.





## LINGUA GALEGA

E remataron as Xornadas, xa próximos ás Letras Galegas, cun especial Antón Fraguas que traballaron os alumnos e alumnas das profesoras Soraya Domínguez e Laura Iglesias.



Tamén os alumnos e alumnas de 2º ESO PMAR participaron desta xornada facendo unha versión da obra de teatro *A terapias da doutora Leticia* coa axuda da profesora Ana Vieito



## Semana do teatro

Este ano contamos cun grupo convidado. Alumnos e alumnas do centro ACEESCA viñeron ao noso Centro a representar *A tía lambida*. Pola nosa banda os nosos grupos de teatro levaron ao seu centro as obras *Cociña cacofónica* e *A derradeira bala*.

### Nova tempada teatral no IES Ribeira do Louro

Durante este curso, a Aula de Teatro do Equipo de Dinamización Lingüística levou á escena estas cinco obras: *Eurozone*, de Chévere; *A derradeira bala*, de Fernando Castro; *O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala; *Servizo de información*, de Paula Carballeira, e mais *Cociña Kakofónica*, de Mofa e Befa. Participaron un total de 32 alumnos e alumnas (da ESO e BACHARELATO) como actores e actrices, que viñeron a ensaiar polas tardes dende o primeiro trimestre. A eles haille que sumar 13 estudantes máis (de 1º e 2º de FPB Servizos Comerciais) que traballaron na realización dos decorados.

Foi este ademais un ano especialmente intenso no que se refire ao uso da arte dramática como ferramenta educativa nas nosas aulas, xa que profesorado do Departamento de inglés e mais o de Lingua castelá levaron ás táboas algúns retrincos de obras de Oscar Wilde, Federico García Lorca e Raquel Castro. De todo iso daremos boa conta no número 7 dos nosos *Cadernos de Teatro*.





## SAÍDAS DIDÁCTICAS

# Saída a Galiciencia

Rocío Fernández Álvarez, 2º ESO

Os mércores 8 de maio os alumnos de 2 ESO fixemos unha saída a Ourense relacionada coa materia de física e química chamada GALICIENCIA. Como a visita era pola tarde, os profes decidiron que poderíamos aproveitar a mañá e de camiño visitar o castro de San Cibrao de Las, no concello de San Amaro. Aquí atopámonos cunha antiga vila celta en pleno proceso de escavación e recuperación.

Dividímonos en dous grupos e os guías correspondentes fóronnos falando de como vivían e os métodos e materiais que empregaban para construír edificacións. Despois dun descanso, visitamos o centro de interpretación do castro onde estaban expostas todas as pezas de valor encontradas na escavación do castro e tamén recreacións en maquetas do castro enteiro.

O rematar esta visita, continuamos de camiño a cidade de Ourense, onde visitamos a ponte romana e puidemos ver de cerca a ponte do milenio ( non a foi posible a súa visita por falla de tempo). Aquí comemos no centro comercial ponte vella, xa que o tempo non axudou moito e tivemos que pornos a cuberto. Ó rematar a comida, o bus xa estaba disposto para levarnos ó parque tecnolóxico de Ourense onde se celebraba a feira Galiciencia.

Comezamos a visita cunha conferencia sobre os hábitos de vida saudables. Foi moi entretida porque ia acompañada de experimentos, que a fixeron moi visual. Logo volvemos a dividirnos en dous grupos, e o noso acudiu primeiro a unha actividade relacionada coas cousas que ocorren no noso cerebro. Explicáronnos algúns mitos como que so empregamos o 10% do cerebro ( que é falso) e tamén que moitas veces so vemos o que queremos ver.



A continuación pasamos a carpa onde se expoñían os proxectos científicos elaborados por alumnos de outros institutos de Galicia e tamén dun instituto de Cataluña e outro de Andalucía. Todos eles estaban moi traballados, dende os datos ata as exposicións que facían dos mesmos. Había algúns realmente enxeñosos, e outros incluso comentaban que tiñan pensado comercializar a súa idea. A maioría estaban relacionados co medio ambiente e tamén co ser humano. De feito o gañador da feira científica foi un proxecto que trataba sobre a erradicación da avésa asiática mediante a utilización dun fungo.

Xa con todo visto, as 18:30 horas iniciamos o camiño de volta, que nos serviu para pensar sobre esta visita e os nosos desexos. Este ano fomos como convidados, pero para o ano próximo temos moitas gañas de participar.



# Viaxe a Roma



Como podedes ver, acompañáronnos os profes Rubén e Manolo

Ainhoa Girádez e Laura Puime, 1º Bach B

Opasado 25 de febreiro o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato fixemos unha excursión cultural a Roma co departamento de Grego. A nosa viaxe comezou no aeroporto de Santiago de Compostela de onde partimos cara o noso destino. Ao chegar deixamos as cousas no hotel e fomos en busca de comida, ao final comemos unhas pizzas, como non podía ser doutro xeito, preto da Fontana di Trevi. Visitamos o Panteón, entre outras cousas, e os arredores. O seguinte día fomos ao Coliseo, ao Foro romano e a Praza de España. O terceiro día fomos aos museos Capitolinos e arredores. O último día en Roma fomos ao Vaticano onde estivemos todo o día. O venres erguemos moi cedo para coller o avión de mañá para regresar á casa. O mellor da viaxe foi que, ademais de coñecer unha cidade e un país novo, nos unimos moito como grupo. FOI UNHA VIAXE INESQUECIBLE!



# Saída á Casa de Rosalía e Pazo do Faramello



O día 23 de abril, celebrando o día do libro, alumnos e alumnas participantes da Ruada Rosaliana, do Xardín das Palabras e de 1º de Bacharelato fixeron unha saída para coñecer a Casa Museo de Rosalía de Castro e o Pazo do Faramello, tamén situado en Padrón. Neste pazo existiu a 1ª fábrica de papel de Galiza, cando o papel aínda non se facía de árbores, senón de farrapos, de aí o nome do pazo. Con este papel imprimíronse os primeiros textos en galego logo dos séculos escuros. Unha visita, a do pazo, xunto coa da autora que puxo fin aos séculos escuros para a nosa lingua moi apropiada para o día do libro.

# Saída a Santiago de Compostela

Saúl Fariñas 3ºESO A



“O 21 de febreiro fixemos unha saída a Santiago de Compostela, e aproveitamos para ver moitos lugares interesantes nos que puidemos observar a arte en moitas das súas formas.

Despois dunha viaxe en autobús chegamos ó Auditorio de Galicia descansamos uns minutos visitando o parque Burgo das Nacións, un lugar precioso e bastante tranquilo no que podes relaxarte e cantar; visitamos a Facultade de Xornalismo, que tiña un toque antigo que me chamou a atención. Cando nos avisaron achegámonos ao Auditorio xa que era o momento do concerto. escoitamos un concerto didáctico chamado “Panxea”, nome asociado ás orixes dos continentes no noso planeta. Pareceume que a Orquestra Filharmonía de Galicia e Abraham Cupeiro, solista, fixeron moi bo traballo representando distintas pezas con instrumentos antigos de diferentes lugares arredor do mundo. Foi realmente interesante, sobre todo cando contaban a orixe deses antigos instrumentos e as lendas detrás deles.

Máis tarde tocounos visitar o Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) e a súa exposición temporal con colección de instrumentos ou aparellos pedagóxicos, unha moi interesante visita ao pasado e sobre todo aos colexios e institutos de fai algúns anos. Foi realmente interesante visitar aulas como as que usaron os nosos avós. Gustaríame que tiveramos máis tempo para velo todo correcta e relaxadamente.

Despois de tanto tempo camiñando era obvio que necesitaríamos un descanso, así que fixemos unha pausa dunha hora no centro comercial As Cancelas. Nesa hora puidemos comer e visitar as distintas tendas do centro, un lugar moi amplo e moderno.

Finalmente vistamos a famosa catedral de Santiago de Compostela, vimos o Pórtico da Gloria cas súas cores orixinais por primeira vez en anos e todas as antigas figuras. Era realmente bonito, igual que toda a catedral. Visitamos a Praza do Obradoiro a Portada de Praterías, a Porta Santa e a Praza da Quintana, lugares rodeados de antigos edificios que mesturan estilos de distintas épocas como o Romanticismo, Barroco ou Renacemento. Non nos permitiron visitar o brazo central da catedral, o que me decepcionou, xa que estaban restaurándoo non podíamos facer nada. Foi unha saída realmente divertida e interesante na que apreciamos moitas cousas do pasado”.





# Saída ao Festival de Cans

Rocío Fernández Álvarez, 2º ESO

Os alumnos e as alumnas de 3º de ESO achegáronse ao Festival de Cans, onde tiveron a oportunidade de escoitar as experiencias de actores galegos no seu paso polo mundo do cinema



# VIII encontro musical de Galicia

Ana Alonso Fernández e Sara Pérez Duarte 1º Bach B

Opasado 30 de abril, os alumnos de 2º e 4º da ESO máis 1º Bacharelato participamos no VIII Encontro de Música de Galicia. O evento, organizado por Asomúsica, desenvolveuse no auditorio de ABANCA de

Santiago de Compostela e nel participamos centros de toda Galicia. Esta xornada contou con actuacións musicais dos diferentes institutos e con catro obradoiros: percusión tradicional, batucada, técnica vocal e hip hop.



# Intercambio con Francia

Lucía Rodríguez Otero 3ºESO B Aroa Alonso González 3ºESO

## UNHA EXPERIENCIA PARA RECORDAR

Sábado 16 de febreiro; iniciabamos unha viaxe para recordar, desas que se lle contan aos netos cando te fas maior, desas que te deixan marca. Unha viaxe no que aprendemos, fixemos amigos, tanto españois como franceses e unha viaxe onde sobre todo divertímonos.

Emprendemos o intercambio coa maleta na man e temerosas de cómo serían os nosos correspondentes e as súas familias, aínda que xa mantiveramos contacto con eles dende había un par de semanas e foran todos moi amables.



Para recibirmos a xente organizadora do intercambio preparou unha gran festa, onde ceamos e bailamos



sen parar, alí tomamos o primeiro contacto con todos as persoas pertencentes ao intercambio.

Nos primeiros momentos, hai que recoñecer que nos custou bastante falar francés, recorriamos aos acenos e se non nos entendíamos, ao tradutor, pero ao paso dos días facíase nos fácil falar a lingua francesa e algúns, xa acostumados a falar francés, chegamos a falarllo aos nosos amigos españois e, tamén ao chegar a casa.

O domingo estivemos coa familia gozando dun día de descanso previo a todas as actividades que nos esperaban durante a semana. Fixemos unha morea de

visitas: polos arredores da comuna de Fronsac, polo centro de Burdeos, visitamos algún que outro museo, subimos á "Dune du Pílat", ... tamén fixemos xogos e gravamos curtametraxes.

A última noite, para despedirnos, organizaron outra festa, nesta non estabamos tan contentos porque xa se remataba a nosa viaxe, o cal significaba non volver a ver aos nosos novos amigos ata dous meses despois e, outra cousa igual de triste como era, volver a clase.

Encantounos vivir esta experiencia e a repetiríamos moitas outras veces máis.



## Roteiro polo Louro

**Saúl Fariñas Rodríguez 3 ESO-A**

O venres 29 de Marzo de 2019 o alumnado de 3º de ESO do noso centro, acompañado polo departamento de bioloxía e xeoloxía, realizou unha saída polo río Louro, para coñecer máis a súa ribeira, a razón do nome do noso instituto. A saída consistiu nun paseo pola ribeira identificando a flora e fauna do Louro, xa sexa autóctona ou invasora. A excursión durou toda a xornada lectiva.

Empezando dende o Albergue de peregrinos do Porriño fixemos un percorrido case circular rematando cerca do campo de fútbol do Lourambal. A ruta moveunos polas marxes dereita e esquerda antes de afastarse do río.

O humano interveu moitas veces neste río, con nacemento en Pazos de Borbén, onde é fácil atopar estruturas, dende pontes ata distintos métodos de contención ante posibles desbordamentos. Pódense ver moitos restos de construcións de pedra en desuso ademais das modernas. Ao longo do paseo hai bancos para descansar e pontes de madeira que axudan a pasar dun lado a outro con facilidade; tamén podemos atopar carteis con información de distintas especies autóctonas comúns na ribeira e algúns parques próximos.

Por outro lado achegámonos ao coñecemento da flora e a fauna, por exemplo os invasores eucaliptos ou as canas (Arundo donax) e as árbores autóctonas xunto con algúns dos seus usos, como o uso da medula do sabugueiro para limpar lentes. Ademais achegámonos á fauna como os parrulos do río ou algunhas especies de aves que habitan nas árbores da ribeira. Tamén tivemos a oportunidade de ver moitas das cousas que demos en clase, como os meandros do río.

Foi una saída moi interesante e relaxante que nos ensinou a beleza deste río cunha vexetación tan frondosa e da que tanto podemos aprender.





# Unha xornada de xeoloxía

Sara Castro Pérez 4 ESO B

**O** martes 15 de xaneiro, os alumnos e alumnas de bioloxía de 4º da ESO e 1º de bacharelato tivemos a sorte de asistir, no centro, a unha charla sobre xeoloxía con Fran Canosa, un admirado xeólogo galego.

Ao comezo explicou todas as eras e períodos da historia da Terra a través dun calendario, unha forma moi orixinal para entender mellor a historia do noso planeta. A partir de aí, grazas a diversos exemplos didácticos e vídeos, Canosa, deunos a entender como se formaron hai millóns de anos as rochas que podemos ver na actualidade, o movemento constante e diario das placas tectónicas, por que se producen os volcáns, os sismos, os maremotos, como se forman as montañas, etc.

O xeólogo tamén falou de Galiza explicando que a nosa comunidade autónoma, para ser o que hoxe realmente é, tivo que pasar por tres etapas históricas que a remodelaron, denominadas oroxénica, arrasamento e reactivación e que fixeron, polo tanto, que en Galiza aparecesen grandes cadeas montañosas, como o serra do Suído ou a serra do Courel, e tamén un gran símbolo galego; as nosas rías.

Un dato sorprendente que aprendemos grazas a este convidado foi que a nosa comunidade posúe diferentes



características no terreo polo tanto estudándoo pódese perfectamente separar a Galiza en tres grandes zonas xeolóxicas.

Para finalizar esta xornada xeolóxica assistimos con Canosa ao laboratorio de bioloxía do centro onde, coas mesas completamente cheas de fermosas mostras de rochas e minerais galegos fomos quen de descubrir os seus respectivos nomes e aprender as características destes.

Ao rematar a explicación puxemos en práctica o traballado. Para iso Fran pediunos que nos reunisemos en grupos de aproximadamente catro persoas e deunos unha chave de identificación, con algunhas características das rochas e minerais vistos anteriormente ademais dun exemplar dunha rocha ou mineral, descoñecido para nós, co fin de poder identificalo. Foi unha forma moi divertida de poñer en práctica a nosa capacidade de observación eo aprendido durante a xornada.



16

# Visita a Minergal e a unha canteira de granito

Ana Muñiz Ramilo 4º ESO A

**N**este curso, o alumnado de cuarto realizou unha saída ás canteiras coas profesoras de bioloxía e xeoloxía Marta e Macu.

Antes de ir ás canteiras pasamos polo museo Minergal e o CTG (Centro Tecnolóxico de Granito) que temos preto do noso instituto, para informarnos un pouco sobre os distintos tipos de minerais, algunhas das súas aplicacións á nosa vida cotiá, perigos... Sen dúbida, o mineral máis bonito que tiñan na exposición,

polo menos para o meu gusto, era a Rosa do deserto. Unha das cousas máis curiosas que descubrimos foi que cando tomamos azucre tamén estamos a inxerir minerais.

Logo de aí fomos á canteira e recibimos unha explicación sobre como traballan, por que é dese modo e os riscos que supón. Mentres recibiamos a explicación, atopámonos nunha zona que permitía ver o traballo que estaban a realizar os canteiros. Algo que me impactou, foi que para retirar o granito utilizaban un fío de diamante. Eu pensaba que se retiraba por explosións, pero estas só se empregan para non estragar o material.



Para rematar a saída, leváronnos a unha antiga canteira e explicáronnos a importancia que ten a súa restauración. Foi unha saída moi interesante xa que aprendín cousas que descoñecía, como por exemplo o do azucre.



# Visita a Madrid

Ana Alonso Fernández e Sara Pérez Duarte 1ºBA

O fin de semana do 29 ao 31 de Marzo os alumnos e alumnas de música de 1º de Bacharelato e historia da arte de 2º de Bacharelato fomos de excursión cultural a Madrid.

Esta viaxe foi dirixida polos departamentos de música e historia. Visitamos diferentes museos, coma o Reina Sofía, O Prado e o Thyssen.

Tamén puidemos gozar do marabilloso musical *Billy Elliot*. Ademais de coñecer un pouco máis da nosa capital.



# Saída club de lectura

María Fernández e Hernán Rodríguez, 1º Bach B

O martes día 14 de maio o noso alumnado dende 1º da ESO ata 1ºBACH pertencente ao club de lectura fixo unha saída durante toda a mañá e meirande parte da tarde acompañados do noso profesorado.

A primeira parada foi a chamada “Casa dos Poetas” en Celanova, que foi a casa na que máis tempo residu Curros Enríquez, un dos nosos autores máis recoñecidos. Alí contáronnos partes da súa vida e obra e lemos no xardín e na biblioteca algúns dos seus poemas.

A continuación visitamos o mosteiro de San Salvador, no que tivemos a sorte de ver, aínda que non de escoitar, o terceiro órgano máis grande de España, que xunto co impresionante retablo barroco que posúe a igrexa, deixounos unha preciosa imaxe a todos os presentes.

Despois fomos á biblioteca do IES de Celanova que comparada coa nosa, que tamén é moi ampla e témoslle moito aprecio, deixounos perplexos. Tiñan ademais unha exposición sobre a muller enorme, xa que cada ano collen unha temática para decorar o lugar, e esta foi a elixida no 2019.

Por último percorremos Vilanova dos Infantes camiñando baixo un intenso calor de media tarde. Alí conseguimos subir á súa espectacular torre reconstruída, e admirar os restos da súa muralla, curiosamente utilizados polas xentes do pobo como parede dalgunha das súas casas. O último lugar ao que nos diriximos foi á casa de Méndez Ferrín, que non está sinalizada e conseguimos encontrala grazas á persoa que nos acompañaba, é dicir, o guía.

En resumo e coma opinión persoal foi unha didáctica e divertida forma de pasar un bo anaco cos compañeiros e compañeiras e encherse dun pouco de cultura xeral, que nunca está de máis. Por outra parte animámosvos a que para o próximo ano vos anotedes ao club de lec-

tura, no que podedes gozar coas diferentes optativas de libros que se presentan e facer unha saída amena.





# Saída e práctica de espeleoloxía

## (Actividade de promoción e divulgación da espeleoloxía)

*Hernán Rodríguez, Lucía Novoa, María Domínguez, Laura Puime e María Fernández 1ºBCH*



Os días 13 de maio unha parte do alumnado de 1º Bac e algúns de 2º Bac fixemos unha actividade organizada polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e de Educación Física no pavillón municipal do Porriño co fin de entrar en contacto cos

aspectos relacionados coa saída didáctica que se realizará á Serra do Courel.

Alí recibimos, primeiramente, de mans de dous técnicos da Federación Galega de Espeleoloxía unha charla instrutiva sobre os conceptos e perigos desta clase de deporte ademais dunha información básica para poder levar a cabo actividades relacionadas con esta modalidade. Despois comezamos a parte práctica do exercicio que consistiu en simular a escalada e posterior descenso no rocódromo alí presente, pasando un por un incluídas ata as profesoras do departamento de Bioloxía (Marta e Laura). Para rematar imitamos as condicións, mediante uns bancos de madeira e colchóns que nos atoparemos na visita a cova kárstica na que entraremos.

Foi unha saída do centro necesaria para poder afrontar a vindeira viaxe e para promover e coñecer a Espeleoloxía, unha disciplina da Xeoloxía e un deporte pouco coñecido

## Espeleoloxía no Courel

*Aarón Acuña Bravo, Daniel Represas Balado, Martín Alvarado Rial. 2ºBAC A*

Os días 28 e 29 de maio, 10 alumnos de primeiro de bacharelato e 3 de segundo participamos nunha actividade organizada polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro en colaboración coa Escola Galega de Espeleoloxía (EGE), que tivo lugar na Serra do Courel.

A actividade fundamental da saída didáctica consistiu na exploración da Cova da Ceza na parroquia de Noceda, que conta cun río subterráneo que seguimos ata o seu comezo, unha lagoa. Despois de percorrer 800 metros da mesma, alcanzamos unha lagoa de 28 metros de profundidade, observando trazos característicos da paisaxe kárstica, como estalactitas e estalagmitas.

No mesmo día, no museo xeolóxico de Quiroga, informáronnos do recente título de Xeoparque que recibiron as Montañas do Courel (único en Galicia), explicándonos diferentes características do mesmo.

No segundo e último día, realizamos un recorrido polo Concello de Folgoso do Courel guiado polo xeólogo Fran Canosa. Durante este, descubrimos lugares como o Castro da Torre e a minería romana e, consigo, diferentes axentes xeolóxicos como o pregamento de Campodola, o monumento máis representativo do lugar.

O día rematou cunha busca de ouro no río Sil con instrumentos proporcionados por Fran, como bateas e peneiras, simulando o sistema de busca de ouro propio dos romanos.

Por último, todo isto foi posible grazas ao Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Ribeira do Louro. Con esta actividade, deuse unha despedida aos alumnos de segundo de bacharelato e foi tamén unha actividade de toma de contacto do alumnado de primeiro coa espeleoloxía. Tratouse dunha experiencia única que recomendamos a todos os alumnos e alumnas que teñan a posibilidade de participar.





# Saída a Celanova

Ana Alonso Fernández e Sara Pérez Duarte 1ºBA

O departamento de Lingua e Literatura Galega organizou o pasado 4 de xuño unha saída cultural que encadraba dentro do marco do currículo escolar de 3º da ESO. A visita levou ao alumnado de terceiro curso a coñecer a vila de Celanova. Aquí visitaron a Casa dos poetas, antiga vivenda do poeta do Rexurdimento Curros Enríquez. Os guías explicaron a súa vida e obra, e tamén a doutros dos poetas máis recoñecidos que viviron nesta vila como Otero Pedrayo ou Ferrín. Tras un descanso visitouse o interior do mosteiro de San Salvador de Celanova, as guías achegaron información sobre o mosteiro como elemento arquitectónico, a súa historia, a vida no seu interior... O alumnado tamén puido ver o interior da igrexa que se atopa no interior do mosteiro, e coñecer a súa estrutura, o retablo, o gran

órgano de tubos e ver o facistol do coro cos grandes libros de cantos feitos con peles.

Outros dos espazos que máis chamaron a atención foron dous: un interno e outro externo. O interno foi a cela onde foi encarcerado Celso Emilio Ferreiro durante a ditadura e onde este escribiu o seu poema "Longa noite de Pedra", que foi lido neste lugar por tres das alumnas do IES. O outro lugar foi a capela de San Miguel, unha capela de estilo mozárabe que data de mediados do século X. Tras o xantar e antes de regresar visitouse a biblioteca do IES de Calanova, que ten as súas instalacións nunha parte do propio edificio do mosteiro. Esta biblioteca ten o seu espazo físico na antiga biblioteca dos monxes do claustro novo do Mosteiro de San Salvador.



## PREMIOS

# Premio da Deputación de Pontevedra "Teatro que educa"



Recolleron o premio @s profes do equipo de teatro: Virxinia, Delio, Raquel e Miguel

O IES Ribeira do Louro obtivo o Primeiro Premio na modalidade de **Educación en valores** polo proxecto **Educando co Teatro**. O Premio dotado con 1500 € irá dirixido a financiar as actividades complementarias e extraescolares do instituto.



## IV premio “Mellor empresario virtual de España” no Young Business Talents



Os alumnos do equipo BRAMARTIFF de ECONOMÍA de 2º de Bacharelato IES Ribeira do Louro convertéronse nos **cuartos “Mellores Empresarios Virtuais de España”** tras acadar dito posto fronte a máis de 300 estudantes de 83 centros educativos na final nacional de Young Business Talents, un programa educativo de simulación empresarial organizado por ABANCA e ESIC Business and Marketing School. Ademais do diploma acreditativo, este equipo recibiu dous premios económicos.

Coma se dunha competición americana se tratase, o espazo A Nave de Madrid reuniu a un total de 342 estudantes de 83 centros docentes para competir na última fase do torneo. Con idades comprendidas entre os 15 e 19 anos, estes alumnos fixéronse un oco na final tras enfrontarse durante varios meses desde as súas propias aulas contra un total de 10.049 alumnos e alumnas procedentes de 432 centros de todo o país.

Outro equipo de 2º Bacharelato do noso centro “LACREME” tamén chegou á final e estivo a piques de levar premio cun segundo posto na súa simulación.

*“Durante máis de cinco meses os estudantes viviron unha experiencia case real da economía desde as aulas. Adestraron e aprenderon a xestionar e dirixir as súas propias empresas dunha maneira dinámica. Este Business Game é o único programa educativo práctico de simulación empresarial que existe. O obxectivo é achegar os mozos e mozas á iniciativa emprendedora incorporando a práctica nas aulas mediante factores lúdicos e motivadores para o alumnado”,* explica Mario Martínez, director de Young Business Talents.

Durante a xornada, os novos aspirantes a mellor directivo virtual tiveron que dirixir a súa propia empresa na internet co uso de avanzados simuladores de terceira xeración desenvolto por Praxis MMT, como o que utilizan as universidades, escolas de negocio e empresas máis punteiras de todo o mundo. Desta forma, fóronselles expando diferentes situacións e tiveron que tomar as mellores decisións das áreas de produción, finanzas, recursos humanos e márketing co obxectivo de que a súa empresa de produtos lácteos se convertese na máis próspera e competitiva do mercado de gran consumo, facendo o mesmo que os responsables dunha empresa real.



## Premio de “Animación” no Correlingua

Os alumnos e alumnas de 1º de ESO foron ao Correlingua que se celebrou en Ponteareas. Máis de 1600 alumnos de institutos e colexios doas arredores ocuparon as rúas de Ponteareas con proclamas pola defensa da Lingua Galega. Foi o noso instituto o que gañou o premio de ANIMACIÓN desta marcha.





## III Premio no concurso “Día internacional da muller”

**O**s alumnos e as alumnas de plástica acadaron o 3º Premio do “Día Internacional da muller” convocado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

*Nas escaleiras do instituto co debuxo gañador, acompañados da profesora María José*



## Finalistas no concurso “150 Aniversario da Táboa Periódica”



**N**a xornada do 24 de maio unha representación de alumnos de terceiro e cuarto xunto cos profesores Marcos Ojea e Marta Freijedo acudimos a Santiago á resolución do concurso do 150 aniversario da táboa periódica o cal consistía na elaboración dun cartel sobre un elemento da mesma que estivese relacionado

co entorno do centro.

En terceiro eliximos o Radon por estar presente nas rochas graníticas, as cales son símbolo internacional do noso concello. En cuarto o elemento escollido foi o Cloro, por formar este elemento parte importante na molécula de lindano (pesticida canceríxeno), presente nos verquidos tóxicos espaxados pola contorna do centro.

Os nosos carteis foron escollidos polo xulgado do concurso como uns dos trinta mellores presentados por alumnos de 82 institutos de toda Galicia.

A resolución do concurso celebrouse na facultade de química da Universidade de Santiago. Todos os finalistas recibimos un diploma e cada grupo recibiu unha caixa con material de laboratorio para o seu instituto.

Os tres gañadores recibiron un premio en metálico de 300 €, 500€ e 1000 € (terceiro, segundo e primeiro, respectivamente).

## Concurso de Microrrelatos de Amnistía Internacional

**D**avid Rodríguez Conde (1º Bach A) foi o gañador do premio do público do 6º Concurso de Microrrelatos de Amnistía Internacional. Ademais, tres alumnas do noso Centro resultaron finalistas: Lucía Collazo Álvarez (4º ESO A), Marta Fernández Álvarez (1º Bach B) e Andrea Fernández Lorenzo (1º Bach A)





## ACTIVIDADES

# X Olimpíada de Xeoloxía

Andrea Fernández 1º BAC A



A X Olimpíada de Xeoloxía celebrouse no mes de febreiro e foi un tanto distinta este ano. Ao facer bo tempo, os directores da olimpíada decidiron cambiar o exame por grupos que tería lugar no interior da Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo por unha xincana arredor desta. Cun total de sete probas, os participantes terían que responder a unha serie de cuestións sobre aspectos xeolóxicos propios do lugar.

Ao rematar esta proba, todos nos diriximos cara ó comedor para xantar e repoñer forzas antes da proba



teórica individual. Mentres o profesorado corruxía os exames, nós participamos nunha serie de charlas e actividades sobre a relación que ten a xeoloxía coa arte e a conservación desta, a paleontoloxía, realidade virtual.

Ao finalizar a xornada, todos nos diriximos cara a entrada para a entrega dos premios e recibimos un agasallo por participar que incluía unha medalla. Para marcar o fin do certame, fixemos unha fotografía con todos os participantes: alumnado, profesorado, representantes da universidade

22

# Obradoiro de matemáticas

Neste curso iniciamos o “Obradoiro de Matemáticas”, o noso club recreativo no cal facemos diferentes actividades coa finalidade de aprender divertíndonos. Ao longo das reunións mensuais puidemos desenvolver varias actividades:

- Estivemos facendo diferentes xogos de mesa, con números, con pezas xeométricas, fichas de dominó con fraccións, etc. Con estes xogos estivemos a curso pasado xogando cos alumnos de 6º de primaria das escolas próximas ao noso centro, co motivo da visita que nos fixeron. Esperamos cando nos visiten no vindeiro xuño volver a xogar coa última promoción, temos novidades moi bonitas.
- Construímos o noso propio xogo de mesa chino, o “Tangram”, formado por 7 pezas xeométricas para facer con elas diferentes figuras de todo tipo.
- Un día xogamos cos ordenadores a resolver enigmas e retos matemáticos nunha web moi divertida que se chama “A habitación de Fermat”. Por certo, Fermat foi un matemático moi famoso, entre outras cousas polo teorema que leva o seu nome.
- Dedicamos dúas sesións ao número \_\_\_\_xa sabedes que ten infinitos decimais detrás de coma, aquí vos poño unhas poucas

\_\_\_\_3,14159265358979323846...



Aprender como se pode deducir o número  $\pi$  é un exercicio moi interesante, só precisamos unha cinta de medir coma a das costureiras por exemplo, uns cantos obxectos redondos (tamén valen cilíndricos) e un pouco de habilidade artística.

Uns días antes do 14 de marzo, que é o día mundial dedicado a este singular número, estivemos pintando cifras para expoñer unha aproximación no noso centro. Coa axuda doutros/as alumnos/as e profesorado ese día puidemos poñelo con 400 cifras que non está nada mal.

• Outras actividades:

- Charla na escola Antonio Palacios (texto escrito por Érika e Rocío, alumnas de 2º da ESO):



*“O pasado 12 de abril, algúns dos alumnos do Obradoiro de Matemáticas fixemos unha visita ás futuras xeracións que pasarán polo instituto. Foi unha experiencia moi bonita lembrar os momentos vividos alí e volver a ver aos profesores e amigos.*

*En concreto catro nenos e nenas de 1º da ESO e dúas de 2º acompañados polo profe Miguel, fixemos presentacións dalgúns xogos matemáticos aos nenos de 5º e 6º de primaria. Os de 5º quedaron moi abraiados e fixeron preguntas moi interesantes, e os de 6º comprendían máis.*

*A función, o obxectivo era amosar que as mates están presentes día a día e non son para nada aburridas.*

*Para isto fixemos todos xuntos un “Tangram” de papel, xogamos á “Habitación de Fermat” e falamos do número \_ .*

***Foron dúas horas das que gozamos e aprendemos moito, sen ningunha dúbida”***



## Exposición de Recursos Naturais de Galicia

**Lorea, Ania, David e Naomy 4ºESO A**



**N**a semana do 1 ao 5 de abril instalouse no centro una exposición cedida pola escola de Minas e Enerxía do Campus de Vigo.

Nos paneis puidemos obter información dos distintos recursos naturais de Galicia. Un destes recursos naturais máis explotados na nosa zona é o granito. A súa extracción realízase en canteiras a ceo aberto para o que se empregan discos e fios adiamantados. Ademais Galicia é unha potencia na explotación deste recurso a nivel nacional.

Outros recursos empregados na industria da construción, son os áridos, utilizados nos aglomerados, e as lousas,



con múltiples explotacións en Galicia. Un dos recursos máis coñecidos son as augas minero-medicinais con aplicacións terapéuticas. Existen en Galicia moitos balnearios nos que se aplican tratamentos paliativos ou curativos para determinadas doenzas.

Noutra parte da exposición presentábanse as enerxías renovables como alternativa ao uso dos combustibles fósiles altamente contaminantes. Entre elas, a enerxía hidráulica procedente do movemento da auga dos ríos; a enerxía eólica, orixinada polo vento; enerxía solar; biomasa, cada vez máis empregada en Galicia; e a enerxía xeotérmica, con grandes perspectivas de futuro.

## Semana da Ciencia, novembro 2018

**Sara Ortiz 4º ESO B**

**E**ste ano, celebramos dende o día 26 ata o 30 de novembro no IES Ribeira do Louro a Semana da Ciencia. Nela participaron distintos departamentos como o de Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Tecnoloxía, Física e Química, ...

Realizáronse distintas actividades nos recreos como: robótica, xogos matemáticos, papiroflexia, etc; impartidas polo profesorado, e que tiveron moito éxito entre o alumnado.

Tamén houbo exposicións de traballos feitos polos alumnos e alumnas do centro: as constelacións (1º ESO), o científico galego 2018 Domingo Fontán (1º ESO), aparellos tecnolóxicos (2º ESO),..... E un grupo de alumnas e alumnos de Cultura Científica de 4º da

ESO fixemos unha representación do Sistema Solar empregando distintos materiais, que non deixou indiferente a ninguén. Realmente parecía que estabas mirando o espazo!

Agora o único que desexamos e que o vindeiro curso haxa outra semana coma esta.





# Semana STEM no CEIP Antonio Palacios

**Nicolás Álvarez Lorenzo 2º BAC**

O pasado 11 de abril un grupo de alumnos e alumnas de 2º de bacharelato e de 2º da ESO tivemos a oportunidade de ser os protagonistas dunha charla dedicada aos futuros alumnos do noso centro na que comentamos os distintos proxectos que se levan a cabo no noso instituto nos que participamos activamente. Estas exposicións dos traballos realizados tiveron lugar no CEIP Antonio Palacios, colexio veciño ao noso centro. A serie de charlas e obradoiros ofrecéronse durante a semana do 8 ao 12 de abril, a semana STEM, na que se promocionan as ramas científico- tecnolóxicas. As tres sesións tiveron o pracer de asistir e ser protagonistas transcorreron durante as tres primeiras horas en presenza de 5 grupos diferentes de alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria e incluíndose aos máis pequenos do centro, os cales fascinados polos sapoconchos achegáronse ata Rocío, Pablo e Alejandro, alumnos que realizaron un proxecto gañador sobre a pegada humana nas Gándaras de Budiño e como afecta dita pegada á flora e fauna destruíndoa e modificando os ecosistemas iniciais.

Por outra banda, os alumnos de bacharelato Alba e Nicolás, presentamos unha dobre exposición sobre dous eventos que transcorreron nos últimos anos e dos que ambos foron participes. A exposición subdividida en dúas tardes se enfocaba no tema da xeoloxía fundamentalmente, de xeito que durante a primeira metade

unicamente dedicámonos a expoñer a saída didáctica levada a cabo o pasado ano no mes de maio e que nos levou durante 2 días á Serra do Courel onde se explorou unha cavidade subterránea e distintos xacementos; tamén visitas a diferentes museos que amosaban a riqueza da zona. A segunda metade desta exposición foi dedicada á Olimpíada Xeolóxica na que o centro participou estes tres últimos anos.

Como conclusión e retomando o fío inicial, a participación de alumnos e alumnas que expoñan e acudan como público ás exposicións doutros representa unha forma divertida e diferente de aprender á par que lúdica, o que lle aportou así a esta cita dunha gran aceptación por parte deste público.



24

## Graffiti na arquitectura

**Estela Cambra e Laura Mazoy 1º BAC A.**

Baixo o título **“Conservación do street-art”** J. Santiago Pozo subdirector da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) impartiu esta charla o día 5 de abril no salón de actos do noso instituto.

Desta charla extraemos diversa información como a seguinte:

-Un graffiti é calquera raia, corte ou aplicación de pintura (químico), tinta ou algo similar na superficie dun material arquitectónico (físico).

-Dentro do graffiti poden distinguirse dúas ramas: o vandalismo e o Street Art (arte urbana).

-O obxectivo dos “grafiteiros” era aparecer máis que o resto; pintaban en lugares arriscados e visibles, e o seu obxectivo preferido era o metro xa que este se desprazaba por toda a cidade.

Destacan algúns artistas como Arthur Stale con Eternity; Daniel Buren que pintou paredes de cores arredor dun museo; Keith Haring que realizou debuxos con xiz en metros; Richard Hambleton que debuxaba siluetas

humanas no chan con xiz e pintura vermella (en Nova Yorke); Blek le Rat co movemento grafitreiro en París, foi o primeiro en utilizar patróns; Costand Rests en Estados Unidos; Bansky foi uns dos artistas con patróns máis coñecidos pero non se sabe nada del, este pintou nas zonas máis perigosas e complexas; e por último, o que máis destaca xa que todo comezou grazas a el e un artista que asinaba como “Muelle” quen pintaba nas rúas de Madrid.

Nos anos 90 fíxose unha limpeza de trens. Debido a isto os grafiteros tiveron que coller escaleiras e brochas





para chegar a zonas inaccesibles, onde non puideran borrar as súas obras. Todo isto realizábanos pola noite.

Noutra parte da charla ensináronnos os **métodos de conservación e limpeza** destas pinturas:

Químicos  
Mecánicos  
Láser

**Requisitos de limpeza:**

Non debe provocar danos no material orixinal.  
Debe ser gradual (regular a intensidade da aplicación).  
Procesos selectivos (limitar a superficie).  
Custe asimilable.

**Proceso para limpar un graffiti:**

Caracterizar rocha e graffiti.

Avaliar o procedemento de limpeza da rocha (danos).  
Avaliar a limpeza; probas previas de limpeza en laboratorio. Comprobar a eficacia.

O chamado “muralismo” contemporáneo trata de conservar o patrimonio, evitar futuros deterioros e estudar o tratamento axeitado para conservalos.

Como conclusión sacamos que a arte da rúa (urbana) trata de facer que a firma do artista chegue por todos os lados e o muralismo que chegue a toda a poboación. A diferenza entre os dous está no observador.

## Venres polo cambio climático

**Hugo Bello Sío (2ºBACH-B)**

O pasado 15 de marzo o alumnado do IES Ribeira do Louro asistiu xunto co resto dos centros de ensino do Porriño á concentración convocada polo movemento “Xuventude polo Clima” (Fridays for Future Galicia). Estes, seguindo os pasos da activista sueca Greta Thunberg, xuntáronse diante do Concello para manifestar a súa preocupación polo cambio climático e esixirle ás autoridades públicas unha inmediata toma de medidas respecto desta problemática, así coma unha incorporación total do ecoloxismo en todos os ámbitos posibles da nosa sociedade. Neste acto procedeuse á lectura dun manifesto elaborado polo estudiantado galego que conforma este movemento onde se falaba dos puntos xa anteriormente mencionados, recalando a necesidade dunha actuación inmediata por parte dos distintos gobernos do mundo, pois de non se reduciren drasticamente as emisións de co2 as consecuencias serán irreversibles.

Non obstante, o noso instituto respecto ao quecemento global non só se limitou á asistencia á concentración,



senón que dende hai tempo xa viña abordando esta problemática en materias coma climántica ou bioloxía. O centro tamén se sumou aos paros polo clima que se están a realizar todos os venres ao longo do mundo. É por iso que todos os venres todas as persoas que o desexen (tanto alumnado como profesorado) poden asistir na entrada do instituto ao simbólico parón, durante os cinco primeiros minutos do recreo (11.45 - 11.50).

### PROXECTOS

## Proxecto Helsinki: “Mozos para Mozos”

**Sara Castro Pérez 4ºESO B**



No segundo trimestre deste curso escolar, os alumnos de 4ºESO de Valores Éticos, tivemos a sorte de poder participar nun proxecto sobre os Dereitos Humanos; Proxecto Helsinki: “Mozos para mozos”.

Esta iniciativa tan orixinal fíxose tan só a nivel galego na Universidade de Santiago e na de Vigo e foi dirixido polo Helsinki España .

Para levar a cabo este proxecto unha serie de alumnado universitario tivo que asistir voluntariamente a unhas clases sobre os dereitos e formarse con respecto a ese tema. Logo tiñan que aplicar o aprendido en forma de teoría e xogos bastante dinámicos para alumnado dos centros educativos que estivesen interesados en participar.



Os alumnos e alumnas de 4º puidemos gozar de catro sesións impartidas en catro horas (que as distribuimos de xeito que tiñamos unha sesión por semana) por Noemí, unha antiga alumna do centro e Xosé, un veciño de Torneiros. Grazas a estes dous maravillosos alumnos da Universidade de Vigo aprendemos cousas tales como: os límites que pode chagar a ter un chiste, a historia dos Dereitos Humanos, a Axenda 2030, exemplos da vida real onde estes dereitos son violados, etc. Pero sobre todo, deixando a teoría a parte, aprendemos moitos valores a través de diversos xogos dinámicos e orixinais que nos propuxeron.

Despois destas sesións dos DDHH, coa información que nos deron Xosé e Noemí tivemos que preparar, en grupos de catro, todos os que quixemos seguir adiante co proxecto, dúas sesións para impartirlas ao alumnado de 2º ESO de Sociedade Inclusiva e de 1º ESO. Logo de realizar con éxito as dúas charlas tivemos, por parte de alumnado de 1º e 2º ESO moi boas respostas xa que

estiveron encantados de aprender o que eran os DDHH e tamén nos fixeron saber que aprenderon moitísimas cousas novas que antes de iniciar as sesións non sabían como por exemplo o que era a Axenda 2030.

A parte de todo isto, unha vez rematado este proxecto, os 11 alumnos e alumnas que quixemos seguir adiante con el, visitamos xunto con outros universitarios e con Xosé e Noemí, o edificio Miralles que se atopa na UVigo e alí, xunto coas dúas representantes de Helsinki España que viñeron exclusivamente para reunirse con nós dende Madrid, puidemos gozar dunha xornada na que descubrimos que o único instituto que chegou ao final do proxecto foi o noso, e raíz diso, puidemos manter unha conversación contando e valorando a nosa experiencia tan divertida cos universitarios que acudiron a dar as charlas a outros centros. Máis tarde déronnos un diploma para agradecer o noso voluntariado e fixémonos unhas fotografías como recordo dunha xornada única e especial.

## Sociedade inclusiva

*Debora, Shakira, Magdalena, Antía, Jennifer, Gemma, Lía, Shaila, Ismael, Iria, Ruth, Arena, José Luis, Nicolás, Alejandro e Anxo*



**D**urante este curso un grupo de 16 alumnas e alumnos de 2º da ESO cursamos unha nova materia chamada Sociedade Inclusiva.

Aprendemos que a inclusión é un principio que garante a igualdade de oportunidades para todas as persoas pero para chegar a ser unha sociedade totalmente inclusiva aínda quedan moitos aspectos nos que avanzar. Así que un dos obxectivos que se nos plantexou foi intentar aprender a mirar a realidade con outros ollos, a valorar a diversidade das persoas como algo que nos enriquece a todos e a buscar respostas.

De todas as actividades que fixemos, unha das que máis nos gustou foi a visita a ACEESCA e colaboración baixo o lema “Baixo un mesmo paraguas” para conmemorar o Día da Discapacidade.

Outra actividade moi interesante foi a do Proxecto Helsinki sobre Dereitos Humanos. Unhas compañeiras de 4º da ESO explicáronnos a través de xogos, vídeos e unha presentación moi chula, todo o relacionado cos DDHH, e o importante que ser consciente do mundo no

que vives para poder transformalo.

Por último, organizamos unha exposición na biblioteca escolar chamada “Visibilizando o autismo” despois de ter feito un pequeno traballo de investigación sobre algúns proxectos relacionados co tema.

Para rematar deixámosvos algunhas valoracións que fixemos sobre esta experiencia:

“Aprendín que todos debemos gozar dos mesmos dereitos e que non debemos excluír a ninguén pola súa condición física, a súa relixión ou os seus valores.”

“Agora valoro máis a todos tal e como somos, non importa a nosa historia ou as nosas dificultades. Todos merecemos o que necesitamos.”

“Unha das cousas que máis me gustou foi unha curtametraxe porque a mensaxe que transmite é que a diversidade é riqueza”





# O xardín das palabras

**Eric Martínez, 1º ESO D**

**D**urante este curso un grupo de alumnos e alumnas de 1º de ESO levamos a cabo o proxecto “O xardín das palabras”. Dende o mes de outubro plantamos 16 árbores froiteiras (abeleira, maceira, feixoa, cerdeira, figueira, ...) e traballamos na aula poemas nos que estas árbores foran o motivo.

A partir dos poemas estudamos poesía, o autor ou a autora do poema, recollemos toponimia e antroponimia galega derivada da árbore ou froito da mesma, recollemos cantigas e lendas e finalmente preparamos receitas cuxo ingrediente base fose o froito da árbore estudada. Por certo, estaban moi bos!!! E para o vindeiro curso esperamos xa, recoller os primeiros froitos.



## ENTREVISTAS

# Entrevista a Xurxo Mariño

*Entrevistamos o autor de Terra, libro no que narra a súa viaxe arredor do mundo*

**Lara Fernández Figueroa / Carla Troncoso Garrido (2º BACH-B)**

“ NA NOSA VIAXE USAMOS ESENCIALMENTE 5 IDIOMAS: O GALEGO, O CASTELÁN, O INGLÉS, CINCO PALABRAS DAS LINGUAS LOCAIS E O SORRISO ”

Xurxo Mariño é doutor en Ciencias Biolóxicas especializado en Neurofísica pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor do departamento de Medicina da Universidade da Coruña, ademais de viaxeiro e fotógrafo afeccionado. Tamén escribiu varios libros como “Po de estrelas” ou “Terra”, obra esta última que os alumnos de Bacharelato do IES Ribeira do Louro tivemos a sorte de ler en 2º de Bacharelato.

**Que foi o que te motivou á hora de realizar unha viaxe tan longa?**

Ver que tiña a posibilidade de facelo. Cando Eli -a miña compañeira- e mais eu vimos que os nosos respectivos



traballos nos permitían irnos aproximadamente durante un ano, fixémoslo.

**Cumpríronse as expectativas que tiñas?**

O noso principal desexo era percorrer o mundo e entender os diversos costumes e formas de vida coas que nos íamos atopando. Aínda que é certo que respecto dalgún lugares moi coñecidos (Gran Canón do Colorado, algunhas zonas da Patagonia...) tiñamos grandes expectativas e realmente se cumpriron.

**Antes da viaxe, tiñas claro que ías escribir un libro sobre a experiencia?**

Nun principio tiña previsto escribir tres libros: un sobre a





viaxe, outro de divulgación científica e outro de imaxes, pero despois decateime de que era moito mais interesante mesturar a experiencia da viaxe coa divulgación científica porque coa aventura do percorrido polo mundo podes atrapar o interese do lector e intercalar certos miudallos dun carácter mais científico.

### **Cal foi o destino que máis te impactou psicoloxicamente?**

Foi moi rechamante África, sobre todo polo ritmo de vida que teñen alí os seus habitantes, tan diferente ao noso, moito máis lento e no que debes calibrar constantemente o estado de ánimo das persoas. Tamén Asia é un lugar cunha forma de vida moi distinta, con cidades que para nós poderían ser caóticas pero nas que eles se moven con total normalidade e nas que se fai moita vida nas rúas. Por último, hai moitos espectáculos da natureza que chaman moito a atención como, por exemplo, a Terra do Fogo, no sur da Patagonia, onde hai unha combinación de mar moi bravo e de altas montañas que non é común presenciar.

### **Poderías mencionar un animal, un vexetal, unha paisaxe e unha cultura humana que te chamaran especialmente a atención?**

Sobre o animal, escollería o rinoceronte negro porque é unha especie moi particular do que me sorprende moito a súa forma de ser, moi nervioso e inquedo. En canto ás plantas destacaría o baobab, unha árbore moi fermosa que fomos atopando en distintos lugares, e puidemos observar como interactúan os distintos animais con ela. Por exemplo, os elefantes en Botswana desfixeran practicamente as bases destas árbores porque rascaban a cortiza cos seus cabeiros para despois comela. Outra planta moi sorprendente é a samaúma, a chamada “nai das árbores”, que chama a atención sobre todo pola súa inmensa altura. Por último, destacan os fentos arborescentes que vimos na illa norte de Nova Zelandia, uns fentos que alcanzan facilmente a altura dunha árbore.

Unha paisaxe que a min sempre me chamou a atención é o deserto e desta viaxe podería destacar o de Namibia, que te invita a reflexionar e a prestar atención a cousas que normalmente nos pasan inadvertidas. Por último, verbo das culturas mencionaría tres, unha que se atopa tamén en Namibia, que é a dos san, no deserto do Kalahari; en segundo lugar, os aborixes australianos, un pobo que non puidemos coñecer moito pero que é moi interesante porque leva mantendo a súa forma de vida de maneira ininterrompida dende hai uns 50000 anos; e por último, a cultura asiática, da cal me chamou especialmente a atención o mercado de Binh Tay, do cal abraia a maneira na cal poden ter un caos tan organizado.

### **Cal é o país do que tiñas unha idea previa distinta e que máis te sorprende?**

Sudáfrica sorprendeume porque, a diferenza do que normalmente se pensa, é un país moi moderno. De Chile chamoume moito a atención a gran cantidade de ecosistemas que podemos atopar nel ao ser un país tan alongado. Perú agradoume moito polo contraste entre a paisaxe desértica no oeste e a dos Andes e a Amazonia ao leste, ademais de que ten unha gran cantidade de poboación amerindia. Por último, podería citar China, un lugar do cal tiña mellor opinión antes de ir que despois.

### **Se puideses quedar a vivir nun sitio dos que visitaches, cal sería?**

Quedaríame en Namibia, un lugar ao que lle collín moito agarimo, e tamén en Chile porque a min me gusta moito a xeoloxía e Chile é un país moi completo nese aspecto. Unha cousa que teño clara é que nunca me quedaría a vivir nun lugar tropical porque os paraísos tropicais son lugares nos que hai moita calor, moita humidade, moitos insectos perigosos e onde hai que ter moito coidado coa selva en xeral. Outro lugar onde non quedaría é Mongolia, polo inverno tan extremadamente frío que se vive alí.

### **Imaxina que unha das áreas xeográficas que tratas no libro fose Galicia. Que elementos da paisaxe salientaría e sobre os que procurarías unha explicación científica polo miúdo? E por certo, como dirías que somos os galegos?**

Salientaría que, a diferenza doutros lugares do mundo, a costa galega está completamente poboada por eucaliptos, algo que me chama moito a atención. Tamén a gran cantidade de cousas que comemos do mar, pois temos unha ampla variedade de peixes e criaturas mariñas.

En canto á personalidade dos galegos diría que cos estranxeiros temos unha forma de ser bastante contraria á de África. Coido que somos bastante testudos e moi fríos, non lle prestamos demasiada atención á relación coa xente diferente, mentres que tratamos bastante mellor as persoas que si son de Galicia.

### **Cando visitas a Cunca do Amazonas, mencionas que o principal sistema de transporte é o río. Cres que en Galicia sería posible empregar ríos como o Miño para crear autoestradas naturais?**

Realmente non. No Amazonas tratábase dunha especie de gran charca na que crecían árbores polo medio. A rede era tan extravagante e extensa que resultaba moi práctica como medio de transporte. Aínda que o Miño é un río bastante grande, ten un percorrido distinto xa que non está unido con outros 57 ríos tal e como explico no relato, polo que unicamente serviría para facer unha especie de autoestrada acuática, nada que ver co que se pode ver no Amazonas.

### **Na descrición que fas das instalacións da NASA, reflexionas sobre que ás veces aquí os nosos gobernantes danlle máis importancia ao envoltorio que ao contido propio (poderíamos pór o caso da Cidade da Cultura). Como cres que está a investigación neste intre? Que aspectos pensas que deberían mellorarse?**

O principal é que os políticos deixen de pensar a curto prazo. Deben darse conta de que investigar ciencia é importante, de que non se trata só de desenvolver investigacións que teñan que ver con algo práctico ou que acheguen un rendemento inmediato, senón de darlle importancia a un tipo de investigación básica. De momento este tipo de pensamento non existe, hai que estar continuamente tratando de convencer as persoas e entidades que se encargan de distribuír os cartos para financiar as investigacións de que estas cousas pagan a pena.

De Estados Unidos sorprendeume o feito de que é un país cun poderío económico importante e alí prodúcese doazóns de persoas particulares, unha fórmula coa que practicamente non contamos aquí. Alí, ás persoas gústalles



facen grandes achegas económicas e pónenlle o seu nome a un centro de investigación sobre o cancro, por exemplo. Tampouco existe esa idea de tirar coas cousas. Cando cheguei ao Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts, tratábase dun edificio antigo e os aparellos que utilizaban eran máis antigos ca os que tiñamos no departamento de fisioloxía da Facultade de Medicina de Santiago cos que eu fixen a tese; mais a maneira de traballar alí era tan distinta e estaba todo tan ben engraxado, que eran superiores en canto á rendibilidade.

**En Santiago de Chile visitaches o moderno Museo da Memoria e os Dereitos Humanos que naceu para non esquecer as atrocidades cometidas na ditadura de Pinochet. Cres que sería necesario en España tamén un museo da Memoria para non esquecer o que supuxo a ditadura franquista?**

É unha boa pregunta. Aquí, tal como está a sociedade, parece complicadísimo de facer, pero efectivamente serviría para reflexionar. Pensar sobre o pasado é fundamental. A memoria histórica é absolutamente esencial para manter a cordura, porque todo ser humano precisa de memoria ao longo da súa vida para ser consciente de quen é, e tamén como sociedade precisamos saber que aconteceu historicamente para realmente saber quen somos.

**Cal é o idioma que empregabas normalmente cando viaxabas polo mundo? Tiveches algún tipo de problema grave de comunicación coas persoas?**

A verdade é que non. Utilizamos esencialmente 5 idiomas: o galego, co que xa nos movemos por boa parte do mundo, por exemplo Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Angola ou Brasil; o castelán, que nos serve para América Latina; o inglés, útil en moitos sitios de África, Australia, Nova Zelandia, Hawai e Estados Unidos; o cuarto idioma son as 5 palabras que aprendiamos sempre dos idiomas locais, basta con aprendelas para obter o visto bo da xente (só por iso xa che van axudar, é algo marabilloso); e o quinto idioma é o sorriso. En Asia, por exemplo, non entenden nada de inglés; na capital de China, que é un país que acaba de acoller unhas Olimpíadas non saben inglés. Aquí en España chegas a un hotel e sempre se sabe algo, pero alí non. Mesmo en Xapón (non pasamos nesta viaxe pero si noutras) tampouco o entenden, e sorprende moitísimo que non se preocupen por falalo nin nos hoteis máis internacionais. En países como Vietnam, se lles entras cun sorriso e xestos xa está todo solucionado. Resumindo, con esas 5 estratexias amañámonos perfectamente.

**Por certo, como experto en neurociencia, é certo que o bilingüismo pode axudar a atrasar enfermidades como o alzhéimer?**

Si, iso é certo e é resultado dunha investigación científica. A ciencia non produce verdades senón que orixina aproximacións estatísticas. Os traballos que se teñen feito con respecto a iso indican que as persoas que falan cando menos dúas linguas teñen un atraso de catro ou cinco anos de promedio na aparición do alzhéimer.

**Ti es un escritor galego recoñecido. Que significa para ti a lingua como canle de expresión das túas aventuras nos teus libros?**

Como calquera lingua en calquera sitio do planeta, é un universo mental. É sorprendente que existan políticos e

persoas que non o entendan, unha lingua é unha ventá aberta a todo un mundo. Os seres humanos pensamos con palabras cando temos que facer unha reflexión medianamente elaborada ou complexa e ademais organizalas gramaticalmente. Cando nos emocionamos ou levamos un susto non recorremos a elas, mais necesitamos pensalas, de xeito que as persoas que utilizamos diversos idiomas temos distintos universos cognitivos. Se ti te trasladas dun idioma a outro o que estarás facendo é meterte dentro de formas de pensar distintas.. Non existe a posibilidade de traducir un texto literalmente, sempre hai palabras ou expresións intraducibles. A lingua é o que forma o noso "eu" e a nosa capacidade de ter consciencia de que existimos, é unha riqueza que non ten prezo.

**No libro Terra inclúes moitas fotografías e na presentación que nos fixeches mencionaches que che interesa moito a arte fotográfica. Cando empezaches a interesarte por este mundo? Que pretendes transmitir coas túas imaxes?**

Empecei a interesarme por esa cuestión cando tiña arredor de 16 ou 17 anos. Cando fun estudar a Santiago a carreira de Bioloxía, solicitei unha bolsa de estudos e cos primeiros ingresos merquei unha cámara fotográfica, unha Minolta X300. Tras adquirila convertínme en algo así como o fotógrafo oficial das manifestacións que faciamos na facultade e gardo moitas fotos de cando exercía de "friki revolucionario estudantil". Fixen diapositivas con fotos en cor pero despois comecei a realizalas sempre en branco e negro xa que me gusta máis a súa capacidade de expresión e a súa maneira de reflectir as formas. Dende ese intre, sempre ando cunha cámara e o que máis me gusta non son precisamente as fotos que trouxen á charla, xa que as imaxes de paisaxes son moi fáciles de tirar, non foxen, ti tes unha montaña e non vai marchar. O que realmente me encanta é facer fotos da xente na súa vida cotiá, nas rúas ou mercados.

**De todos os libros que tes escrito, cal consideras que é o máis significativo para ti?**

Supoño que o último, un que estou agora mesmo traducindo ao galego, que saíu este ano en castelán e se titula El misterio de la mente simbólica. É significativo porque fala dun tema que non se ten tratado como tema de neurociencia, que é a evolución da linguaxe. É un libro moi distinto, vai mesturando o que eu xa sabía de neurociencia con cousas que fun aprendendo de antropoloxía e da lingüística.

E Terra, por suposto, porque foi unha cousa moi particular e unha experiencia única.

**Xa para rematar, en que proxectos estás traballando neste intre na Universidade?**

Agora mesmo estou de excedencia na Universidade porque quería dedicarme precisamente a escribir, a desenvolver proxectos de comunicación da ciencia e da fotografía, polo que os proxectos que teño son alleos ao meu traballo na Universidade. Teño dous espectáculos con actores de comunicación da ciencia e, cando menos, dous ou tres libros en marcha. Tamén unha colaboración de radio para o ano que vén no programa de Julia Otero en Onda Cero e dous proxectos fotográficos relacionados: un, co traballo das mariscadoras na Illa de Arousa e outro relacionado co mundo das bateas, da cría e o procesamento do mexillón, é dicir, historias que teñen que ver co mundo do mar.



# Entrevista a Mónica Pérez

Entrevistamos a, médica de familia no Centro de Saúde

HUGO RODRÍGUEZ OTERO / IVÁN GÓMEZ OYA / SERGIO ALONSO GONZÁLEZ (2º BACH-A)

**“OBRÍGANNOS A ATENDER UN PACIENTE CADA 6 MINUTOS, CANDO AS GUÍAS MÉDICAS SINLAN QUE O TEMPO IDEAL SERÍA ENTRE 15 E 20 MINUTOS”**

O persoal sanitario do Porriño e de toda Galicia leva tempo mobilizándose para esixir á Xunta de Galicia que garanta o futuro do sistema sanitario público e a súa calidade. Por esa razón, tres reporteiros da nosa revista Órbita decidiron ir ao centro de saúde do Porriño para conseguir información directa sobre qué está a pasar coa sanidade, a través dunha experta que a observa día a día. Dende estas páxinas queremos agradecerlle a Mónica Pérez, médica de familia no Porriño, a súa xenerosidade ao aceptar concedernos esta entrevista.

## Cando decidiches que querías estudar medicina?

Non fun daquelas que tiñan unha vocación dende a infancia. Decidino no bacharelato, porque ademais de me parecer unha profesión que tiña bastante saída laboral, comezaba a atraerme moito.

## Durante a carreira, que materias che gustaban máis?

Patoloxía médica, anatomía e fisioloxía.

## Cales son as especialidades médicas que se poden estudar?

Hai moitas, dende a que eu escollín, Medicina de familia, ata Cardioloxía, Neumoloxía, Anestesia, Pediatría... Mesmo hai algunhas que poden realizar aquelas persoas ás que non lles gusta tanto o trato persoal co doente, como Anatomía patolóxica, Medicina preventiva ou Radioloxía.



## É difícil atopar un traballo?

Actualmente todo o contrario, hai moita falta de médicos, sobre todo nalgunhas especialidades como Pediatría e Medicina de familia. É certo que nalgunhas especialidades pode haber algo de paro, pero pouco porque, por exemplo, se es cardiólogo, como tes a carreira xenérica de medicina, sempre podes optar a ser médico nunha clínica privada, médico de empresa..., é dicir, sempre hai opcións.

## Que está pasando coa sanidade no Porriño?

Non se trata só do que acontece no Porriño senón en toda

Galicia. Temos unha insuficiencia no número de médicos de familia e unha falta de dotación de aparataxe. No noso caso ademais, as instalacións do noso centro de saúde son tamén moi deficientes. Hai un problema real de espazo e se agora viñesen tres médicos e tres enfermeiros máis, non terían sitio para traballar. Hai anos que o Concello doou os terreos para a ampliación do centro de saúde pero a Consellería de Sanidade aínda non aprobou os orzamentos que se leve a cabo.

Por outra banda, fáltannos equipos de protección. Cando facemos unha saída de urxencia na ambulancia e debemos asistir na vía pública, precisamos de equipos de protección individuais: pantalóns e cazadoras con elementos reflectantes, cascos... Estes últimos eran necesarios por exemplo cando se produciu a explosión provocada pola pirotecnia en Paramos, e os compañeiros do Punto de Atención Continuada de Tui carecían deles.

Ademais, parécennos fóra de lugar algúns dos obxectivos que nos marcan para traballar. Por exemplo, pódennos dicir que dos doentes que atendes cada día non debes derivar ao hospital máis do 3%, pero isto parécenos absurdo porque haberá días en que non teñas que derivar e outros nos que a derivación chegue ao 10%. Cando está en risco a saúde e a vida das persoas non se pode andar con eses obxectivos, por iso pedimos que se elimine ese ítem de derivación hospitalaria.

Outra das nosas reivindicacións ten que ver cos tempos de descanso: debido á falta de persoal sanitario, hai compañeiros e compañeiras que fan quendas de 17 horas seguidas e, por algunha baixa imprevista, deben reenganchar con 7 horas máis de traballo. Estanse dando casos de gardas de 24 horas ou máis. A nosa é unha profesión de altísima responsabilidade e debemos repousar as horas necesarias.

Verbo da cuestión económica, só pedimos que se nos faga efectivo o pagamento dos complementos por nocturnidade e festividade que xa se aprobara no ano 2008 e que pola crise quedou en suspenso.

## Necesitáriase contratar máis persoal sanitario? Por que non se fai?

Efectivamente, necesitamos máis persoal sanitario e sobre esta cuestión houbo unha absoluta falta de previsión. Os responsables da Consellería de Sanidade din que o problema é que agora non hai médicos de familia para contratar e é certo que actualmente é difícil atopalos, pero iso había que telo previsto. Se sabíamos que no ano 2018 se ían xubilar 80 médicos de familia na área de Vigo, tiñábase que ter feito con tempo unha convocatoria de polo menos 80 prazas para substituílos, e non agardar ata última hora e ademais convocar soamente 30 prazas.

Por outra banda, cando si tiñamos en Galicia médicos e enfermeiros en paro, estes non foron ben tratados pola Administración. Véuselles a dicir “buscaros la vida”, e iso foi o que fixeron, “buscar a vida”, e moitos deles marcharon a outras comunidades e ao estranxeiro, con quendas



de traballo máis liberadas, con menos doentes en cada quenda de traballo e soldos máis altos. E agora botamos as mans á cabeza.

### Como é normalmente a túa xornada laboral?

Normalmente facemos gardas de luns a sábados de 17 horas (desde as 3 da tarde ata as 8 da mañá). Nos domingos e festivos as quendas son de 24h (das 8 da mañá do domingo ata as 8 da mañá do día seguinte).



ou do persoal sanitario, senón de toda a sociedade. Por exemplo, abusamos moito das urxencias e ás veces por pura comodidade; en ocasións, hai persoas que queren que unha ambulancia faga un servizo de taxi, etc. Os recursos sempre son limitados e debemos facer un uso responsable deles. E por suposto debemos pedirlle á Consellería que non descoide a atención primaria e que inxecte recursos nela, porque suporía tamén aliviar a carga de traballo nos hospitais e mellorar a súa atención especializada.

### Cantos pacientes atendes ao día e canto tempo podes estar de media con cada un deles?

Cada día podemos atender aproximadamente 50 pacientes. Na nosa quenda cítasenos un paciente cada 6 minutos.

### Cal sería a situación ideal para a prestación dun servizo de mellor calidade?

Todas as guías médicas indican que para atender ben a un paciente o ideal sería entre 15-20 minutos.

Nos servizos de urxencias temos moi pouca dotación de medios materiais. Os recursos que se usan para os diagnósticos e tratamentos son practicamente os humanos e sáenlle á Consellería moi baratos. Temos pouca aparataxe e non dispomos de raios nin de analíticas específicas.

En definitiva e como xa comentamos, aquí no Porriño precisamos de polo menos un médico e un enfermeiro máis, ampliar as instalacións e mellorar os medios materiais.

### Hai uns meses, no centro de saúde da Estrada, unha persoa entrou no centro de saúde e morreu porque non había ningún persoal médico nin de enfermería que puidese atendelo. Que tal funciona aquí o servizo de urxencias?

Eu diríache que o facemos bastante ben cos medios dos que dispomos, aínda que podería funcionar moito mellor. Agora mesmo estamos entrando no pico de gripe (a entrevista tivo lugar no mes de xaneiro) e nas últimas gardas que fixen a xente estaba agardando 2 horas, o que resulta excesivo. Evidentemente en urxencias facemos unha especie de triaxe: vemos a patoloxía que hai, o persoal de servizos xerais (PSX) anótanos a razón da entrada (dor no peito, taquicardias, dor de gorxa ou dun xeonllo) e se, por exemplo, a razón pode ser sintoma de infarto, dámoslle prioridade.

### Podería darse no Porriño unha situación parecida ao centro da Estrada?

Non é imposible. En máis dunha ocasión xa se ten dado o feito de que os dous equipos que temos (constituídos cada un por un médico/-a e un enfermeiro/-a) tivemos que saír do centro de saúde por algunha emerxencia ou por algún traslado en ambulancia (cando o doente está grave e debe ser acompañado), e o centro quedou durante algún tempo sen ningún persoal médico nin de enfermería.

### O noso sistema sanitario público está en perigo?

Home, en perigo, por non ser moi extremista diría que non, pero temos que coidalo máis entre todos, xa que isto non é so responsabilidade do Conselleiro de Sanidade

### Que opinas do funcionamento do Álvaro Cunheiro?

Foi unha fusión do hospital do Meixoeiro e do Xeral, e quedouse curto de camas e de dotación de persoal.

### Como médica de familia, cales son as patoloxías que atendes especialmente?

O que máis se ve son patoloxías respiratorias debido ás canteiras: hai moito enfermo crónico, moito EPOC (enfermidade pulmonar obstrutiva crónica), moita silicose, moito asmático (en Galicia o clima favorece tamén esta doenza); tamén problemas cardíacos, e logo cuestións máis banais (contusións...).

### Notaches algún cambio nos últimos anos?

Si, sobre todo polo avellentamento da poboación. Como sabedes a esperanza de vida é mais longa, e cada vez aparecen máis patoloxías crónicas que agudas: diabetes, doenzas pulmonares e cardíacas...

### Que podemos facer os cidadáns para previr as enfermidades?

O que xa estades fartos de escoitar pero que cómpre repetir: coidar a alimentación e facer exercicio físico.

### Que erros cometemos e que nos recomendarías para mellorar o noso estado de saúde?

Ás veces, cando vemos alguén que sofre unha doenza (un infarto, unha diabetes...), tendemos a pensar que esas cousas non nos van pasar a nós, e o certo é que a curto ou a longo prazo acábannos acontecendo. É preciso que nos concienciamos de que isto pode pasar, que fagamos un investimento en saúde coidando os nosos hábitos de vida e evitando, por exemplo, o tabaco e o consumo excesivo de alcohol, xa que eses hábitos tóxicos, tarde ou cedo, acaban pasando factura.

### Algunha anécdota fermosa que vivises no exercicio da túa profesión?

Claro que si. Lembro por exemplo unha nena de catro ou cinco anos que lle botou un bocadiño a unha mandarina sen pelar e lle quedou na gorxa. Como esta cativa naceu cun problema de base, non era quen de tuser para expulsar ese anaquiño da monda. Os pais víronse impotentes para tirarllo e viñeron correndo a urxencias coa nena semi-inconsciente, cianótica. Cando chegou a nós, custounos traballo pero conseguimos sacarllo e que se recuperase. Despois trasladámola en ambulancia, na que foi encantada porque xa ía ben, e aínda hoxe, cando a vexo aínda se lembra: "Ai, vós fostes a que me levastes na ambulancia". Salvámoslle a vida.



# Entrevista a Aquilino Araújo Pérez

María Fernández Álvarez e Lucía Novoa Pérez 1ºBach B

**N**a seguinte entrevista temos o pracer de contar co profesor Aquilino Araújo Pérez, docente no noso centro nas modalidades de formación profesional e ciclos electrónicos. Unha persoa que coñece o instituto á perfección e é un esperto na ensinanza debido aos seus anos de traballo. Imos comezar coas preguntas.

## Cantos anos levas no ensino?

Pois eu levo aproximadamente no ensino en torno a 32 anos. En concreto, neste instituto, estou destinado dende o ano 1983/1984.

## Cal foi o teu primeiro destino?

O meu primeiro destino lembro que foi coma profesor substituto nun centro de Xinzo de Limia, non recordo o nome en concreto. Alí exercín como mestre de tecnoloxía durante 3 anos e despois fixen un ciclo experimental de electricidade durante 1 ano, sendo eu profesor fixo xa.

## Que cambios notaches no ensino dende cando empezaches?

Entre moitas das variacións que houberon no mundo do ensino, considero que o cambio fundamental na miña especialidade foi o paso de FP, e dicir formación profesional que estaba composta por 5 anos, aos ciclos formativos actuais, compostos por 2 anos, xa que agora varía o tempo e a preparación é bastante diferente grazas aos novos recursos desta época en comparación cos meus anos mozos.

## E nos alumnos?

Ano a ano veño notando que os alumnos e alumnas en xeral son moito menos participativos, polo menos na miña propia experiencia cos meus rapaces e rapazas. Nese sentido considero que empeorou bastante a actitude comparándoa con fai uns anos, o lóxico sería que os implicados mostrasen interese pola materia e participasen nas aulas para facer todo o máis ameno posible. Gustaríame facer aquí un pequeno inciso para mencionar tamén a falta de alumnado que considero que ten este centro nos últimos anos. Non estaría de máis que o número do alumnado aumentase xa que Porriño é un lugar que require de persoas que obteñan un título para poder traballar xa sexa nunha empresa ou en calquera outro lugar.

## Dentro de todos os cursos que deches cal é o teu favorito?

Non teño un curso favorito definido pero sí un bo recordo de cando impartín clases nun ciclo superior de telecomunicación na materia de arquitectura, sentin-



me moi cómodo e quizais foi dos mellores anos.

## Se empezases de novo, volverías traballar na educación?

Penso que si, porque se non me gustase despois de tantos anos... Ademais a educación faite mellorar e aprender como persoa xunto cunha sensación satisfactoria que sentes despois de facer o teu traballo.

## Os alumnos que che deron máis alegrías ou desgustos?

Desgustos para nada, aínda que sempre hai algún co que poden ter algún pequeno problemíña pero acáboo solucionando. En resumo non tiven ningún problema grave nin espero telo no que me queda.

## Que plans de futuro tes?

No tema da ensinanza xa me atopo próximo á xubilación. Sendo o curso 2019/2020 o meu último ano. No referido á miña vida non teño algo fixo senón que gozarei dos momentos que veñan e intentarei ser o máis feliz posible.

## Poderías contarnos algunha anécdota?

Ufff.. Por haber hai moitas pero non sei dicirvos. Podería comentar unha de cando fixemos unha saída a Portugal todo o día a unha empresa de electrónica e electricidade. Alí un grupo de alumnos perdéronse e acabaron por non comer nin nada. Non sabería lembrar unha que tivese moita relevancia.

## E por último, que opinión vas levar do noso instituto? Vas botarnos de menos?

Levarei unha opinión moi boa tanto en materia de profesorado coma dirección do instituto, persoal e alumnado, unha boísima lembranza de todos eles e elas, e do centro. Ao alumnado tamén vou levalo no corazón, por suposto, despois de tantos anos é inevitable. Todo será sempre un recordo bonito e de aprendizaxe para a miña vida. Moitas grazas a tod@s.

*\*Gustaríanos agradecer a participación do mestre nesta entrevista e a súa aceptación da proposta que lle fixemos. Grazas a este artigo poderemos recordalo e honralo do mellor modo posible. Grazas Aquilino, esta é a túa casa, xa o sabes.*



## ORLAS DOS QUE REMATAN

2º Bach A,B



4º da ESO, A, B e C





## GRADUACIÓN

**O** venres 31 graduáronse os nosos alumnos e as nosas alumnas de 2º de Bacharelato. Celebramos o acto no salón de actos do instituto acompañados de amigos, familiares e profesores e profesoras que lles deron clase durante estes anos. Desexámoslles que teñan moita sorte nesta nova etapa que comezan. O futuro é voso!!!

*Os profesores tamén quixeron poñer a nota musical*



34

## DEPORTES

# Campións do VII torneo de fútbol sala do I.E.S. Ribeira do Louro

**Hugo González, 1º Bac B**

**N**esta imaxe podemos apreciar os actuais campións da liga de fútbol sala do I.E.S. Ribeira do Louro, o Conguis FC, conformado polo alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato.

Neste torneo participaron cursos de toda a ESO, Bacharelato, FP Básica e Ciclos Medios. O campionato decidiuse na última xornada cun empate a puntos entre o Chirivius FC (equipo formado polo alumnado de 2º de Bacharelato) e o Conguis F C. Grazas á diferenza de goles entre os dous equipos, o campionato acabaría gañando o equipo conformado por: Matias Delicado-Hugo

González-Aron Rodríguez-Mario González Sergio Ferreira-Iván Porto-David Guisande-Jorge Ocaña e o seu adestrador Kevin Fernández.





**ESPECIAL BIBLIOTECA**

# Biblioteca: o valor do equipo



Semana da Ciencia. O departamento de CC.NN. colaborou cunha exposición sobre o Sistema Solar e outra sobre o xeógrafo galego Domingo Fontán, científico homenaxeado en 2018 no Día da Ciencia en Galicia. O departamento de Física e Química aportou a actividade Ciencia en movemento. O de Matemáticas realizou talleres de xogos matemáticos e o de Tecnoloxía ta-

**P**oida que alguén pense que o equipo de biblioteca é simplemente un grupo de compañeiros que están sempre alá enriba, no seu poleiro, emprestando libros e pouco máis. Vendo cara atrás (tanto este curso como outros anteriores) e fixándonos na actividade xerada pola Biblioteca, a conclusión ten que ser moi diferente: desde a Biblioteca do centro parten infindade de iniciativas que, ademais do traballo que supón o simple mantemento do seu funcionamento, supoñen un nivel de actividade considerable. E por riba de todo este traballo están as palabras clave do mesmo: o equipo e a colaboración. Nada do que se fixo e se está a facer sería posible sen a dedicación e o traballo dun equipo formado por profesorado competente e comprometido. Por outra parte, ata dez departamentos teñen polo menos algún dos seus membros no Equipo e ademais colaboramos directamente con practicamente todos os departamentos didácticos do centro.

O curso 2018-19 comezou na Biblioteca con dous retos importantes: no aspecto de organización de fondos, avanzar na nova catalogación e etiquetado de fondos (ademais das novas adquisicións e do mantemento rutineiro dos mesmos) e consolidar e ampliar as actividades para chegar a máis membros da comunidade educativa.

Unha actividade que se estendeu ao longo do curso (a Hora de Ler) comezou no primeiro trimestre e estreou un novo sistema para facilitar a lectura do alumnado nesa hora. Tamén no primeiro trimestre celebramos o Día das bibliotecas e o Día contra a violencia de xénero. O mal tempo impediu que este último se celebrase na rúa, en conxunto cos outros centros educativos do barrio, tal e como estaba programado igual que en anos anteriores. Celebramos tamén o Día dos Dereitos Humanos, coa elaboración dunha árbore de Nadal con perchas das que penduraban mensaxes alusivas realizadas polo alumnado. Unha actividade que se fixo por primeira vez este curso foi o comentario en común dunha película vista previamente polo público asistente. A película escollida para esta sesión foi A tartaruga vermella.

A última semana do mes de novembro celebramos a

lles de papiroflexia, robótica e programación. Tamén se expuxeron maquetas con movemento realizadas por alumnado de Tecnoloxía e a Biblioteca ofreceu un taller de orientación á lectura en dispositivos electrónicos. Finalmente, como parte desta celebración e invitado pola Biblioteca, aínda que en datas posteriores por problemas de calendario, recibimos a visita do divulgador científico Xurxo Mariño, quen nos abriu a mente a mundos descoñecidos a través do comentario do seu libro "Terra", que foi lido con anterioridade polo noso alumnado. Para rematar o trimestre, e coa finalidade de achegar a Biblioteca a todo o profesorado, propuxemos un concurso de preguntas tipo "quiz" sobre libros, bibliotecas e librerías de todo o mundo.

O segundo trimestre continuou coa actividade usual e con outras celebracións: o Día da Paz, no que alumnado do centro participou con creacións propias; San Valentín, no que alumnado do Club de Lectura leu e repartiu poemas de amor por todo o centro; o Día da Muller, coa actividade Mulleres na Historia, no que varias alumnas deron vida a mulleres importantes que non teñen (ou non tiveron) recoñecemento da súa valía e aportacións; o Día da Poesía, no que se solicitou ao profesorado que transmitise ao seu alumnado poemas con versión







musicada. A cabalo do segundo e do terceiro trimestre, tamén relacionado coa música, tivemos Sinfonía da mañá, que tentou unir música, arte, historia e literatura nun só xogo-concurso.

Finalmente, o terceiro trimestre estivo cheo de actividades, moitas delas centradas na Semana do Libro e na Semana das Letras Galegas: exposición de haikus e microrrelatos, xornada de lectura continuada, xornada de apadriñamento lector, xogo Pista a pista... Tamén acollimos unha exposición textual e fotográfica sobre inclusividade e, en colaboración co Dpto. De Galego, recibimos a visita de Víctor F. Freixanes, que falou sobre o tema "Industrias culturais en torno ao galego" e de Uxía Senlle para celebrar o Día da Lusofonía. Finalmente, alumnado do noso centro participou no Concurso anual de Microrrelatos organizado pola rede escolar de Amnistía Internacional, no que un dos nosos participantes obtivo un dos premios e dúas alumnas resultaron finalistas.

Ademais de toda esta actividade, o Club de Lectura levou a cabo a súa propia, incluíndo as xornadas de comentario sobre as obras propostas, un taller de cómic

coa profesora Laura Iglesias, visitas de escritores (Xurxo Mariño, Sonia Mirón e Marcos Calveiro) e o préstamo de libros entre centros por medio de Libros a oito. Como todos os anos, o Club de Lectura rematou a súa actividade cun roteiro literario a Celanova que satisfizo as inquiredanzas culturais dos nosos novos lectores.

Creáronse varios puntos lectores (exposicións temporais de libros) ao longo do curso na biblioteca relacionados con: violencia contra a muller, Día da Paz, da Muller, da Poesía, da Lusofonía, inclusión... e se publicaron dous documentos con suxestións de lectura. Tamén expuxemos na biblioteca dúas maletas viaxeiras (da Asesoría de bibliotecas da Consellería) con libros de divulgación científica e colaboramos cunha exposición de material da biblioteca na Semana da Ciencia. Unha actividade parecida, as Mochilas viaxeiras, realizouse entre alumnado de 1º e 2º ESO do noso centro.

Queremos aproveitar este espazo para agradecer o traballo e a colaboración de todo o profesorado implicado, en especial os titores/as, aos demais departamentos que tamén colaboraron coa Biblioteca e ao profesorado que, aínda que oficialmente xubilado, segue a prestar a súa colaboración coas nosas actividades.

E para rematar insistiremos unha vez máis na esencia do noso traballo: equipo é colaboración. Con cousas boas e malas, con erros e acertos, con opinións a favor e en contra... todo o que se fai e se fixo é o resultado do traballo dun equipo no que cada un pon o mellor de si mesmo/a para achegar á nosa comunidade educativa ao ideal de cultura e formación (tamén en valores) a través da lectura e as novas formas de transmisión de coñecemento.

*O Equipo de Biblioteca*

## Os máis emprestados

**O**s libros máis emprestados na nosa biblioteca durante este curso foron:


### GALEGO:

1. *As palabras feridas*, de Jordi Sierra i Fabra
2. *Ollos de auga*, de Domingo Villar



### CASTELÁN:

1. *Un amor*, de Alejandro Palomas
2. *Siempre será diciembre*, de Davies Wendy



### AS PELÍCULAS MÁIS DEMANDADAS FORON::

***Campeones* e *Wonder***





## ESPECIAL ANTÓN FRAGUAS

# Letras galegas 2019

*Traballo feito polo estudantado de Oratoria, 1eiro da ESO*



**O** 17 de maio festexamos o día das nosas letras. Escolleuse esa data por ser na que asina Rosalía de Castro o prólogo do seu Cantares Galegos. Nesta efeméride escóllense como homenaxeadas a autorías que destacaron pola súa literatura en galego ou pola súa defensa do idioma.

Comezou a celebrarse esta festividade, porque é unha festa da nosa cultura, no ano 1963, polo centenario da publicación da mencionada autora de Padrón. Mais, para que sexa un día festivo tal e como é hoxe, hai que esperar á chegada da democracia e a termos un goberno autónomo.

Antón Fraguas (Loureiro, Cotobade, 1905 – Santiago de Compostela, 1999) é o protagonista do Día das Letras Galegas de 2019. A Real Academia Galega elixiu nesta ocasión un home que traballou arreo para difundir os tesouros que herdamos dos galegos e galegas que nos precederon: a lingua e a cultura popular. A súa vida é un exemplo de paixón polo coñecemento e polo país.

A semente do galeguismo agroma cedo no mozo Fraguas. Está rematando o bacharelato cando funda en 1923 a Sociedade da Lingua, un colectivo impulsado xunto a compañeiros do instituto de Pontevedra co obxectivo de defender o galego e elaborar un dicionario. Un modesto proxecto nado desde as aulas que casualmente comparte obxectivos coa ambiciosa iniciativa que ese mesmo ano poñen en marcha un grupo de intelectuais galeguistas, o Seminario de Estudos Galegos (SEG). Entre os seus fundadores están Castelao e Antón Losada Diéguez, ambos profesores de Fraguas nesta etapa.

Pouco despois, xa como estudante universitario en Santiago, el mesmo se integrará tanto no SEG como nas Irmandades da Fala, nadas en 1916 para defender a presenza do galego en todos os eidos nunha época de fortes prexuízos na súa contra. Comezará así unha intensa e incansable actividade investigadora. Da xeografía á historia, pasando pola antropoloxía ou a

arqueoloxía, serán dúcias os libros e artigos en revistas e xornais como Nós ou A Nosa Terra, nos que Fraguas cultivará múltiples áreas do saber e tratará os máis variados temas. Cantigas, festas e romarías, crenzas, dicires, usos e costumes diversos foron obxecto do seu interese e exemplo dun dos campos de estudo onde máis pegada deixou: o da cultura labrega.

Á beira desa entusiasta e rigorosa actividade como investigador, Fraguas destacará por outra paixón: a docencia. Logo do seu paso como profesor auxiliar pola Universidade de Santiago de Compostela, será o alumnado do instituto da Estrada o que goce do seu labor pedagóxico. A súa expulsión das aulas públicas logo da guerra civil polo seu apoio á democracia e á liberdade non o apartou dese traballo, xa que exerceu durante anos na súa propia academia privada ata que conseguiu o regreso oficial ás aulas en 1950 cando gañou unha praza de catedrático de instituto. Esa nova etapa iniciaría en Lugo para trasladarse no ano 1959 ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago, onde será un profesor lembrado por sucesivas xeracións de compostelás ata a súa xubilación en 1975.

En todo ese tempo, e mesmo máis intensamente despois de xubilarse, non descansou da súa actividade investigadora, colaborando con entidades como o Instituto Padre Sarmiento ou a Real Academia Galega. De feito, esta institución recibiu en 1956 para ocupar a que fora a cadeira do seu antigo mestre Castelao. Nomeado director do Museo Municipal de Santiago en Bonaval en 1963, en 1976 participará no impulso e creación dunha nova institución, o Museo do Pobo Galego, onde será director e presidente. Nos longos anos que aínda pasarán ata o seu falecemento en 1999, aos 93 anos de idade, Antón Fraguas será un persoeiro de relevancia fundamental en Galicia e recibirá distincións como o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba, a Medalla ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago, o Premio de Investigación e o Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia, ou o nomeamento de cronista xeral de Galicia.

Como acabamos de expor, debido á súa longa vida, participou en momentos e institucións fundamentais para Galicia. Por iso imos facer un percorrido máis detido por algúns aspectos.

De primeiras debemos ser conscientes que este é un autor que se sitúa en tres épocas moi diferentes do século XX: no primeiro terzo, coa instauración da República; na terrible Ditadura e, finalmente, no período democrático que se mantén ata a actualidade. Estes tres contextos socio-políticos tiveron fondas repercusións na súa vida e obra; especialmente, a censura e persecución de Franco. Alén do dito, el participou en institucións fundamentais de cada un deses momentos.

O Seminario de Estudos Galegos é unha fundación



galeguista de investigación fundada en 1923. Nel, un Antón Fraguas mozo participa como membro, ademais de inaugurar, baixo a dirección de Otero Pedrayo, a sección dedicada ós estudos de xeografía histórica.

O Museo do Pobo Galego é unha institución que recolle e estuda a cultura, tanto material como espiritual de Galiza. O noso autor, alén da súa participación fundamental neste proxecto, dooulle á súa biblioteca uns 20.000 volumes.




A obra de Antón Fraguas encádrase singularmente no ensaio. O ensaio é unha obra literaria en prosa na que un autor expón as súas reflexións sobre un tema determinado. Os estudos de Fraguas versaron sobre cultura popular, xeografía, arqueoloxía,

historia e arte. Escribiu numerosos libros, entradas da Gran Enciclopedia Galega, numerosos artigos de divulgación en xornais e revistas -especializadas ou non-, colaboracións en publicacións conxuntas con outras personalidades da etnografía galega, recensións, conferencias, catálogos de exposicións, pregóns, programas de festas...

Mais todo este traballo tivo e ten a súa recompensa: foi e é un autor cun grande recoñecemento. Mostra disto é, alén da súa homenaxe neste Día das Letras Galegas, a existencia da Fundación Antonio Fraguas. Está en Santiago, dentro do Museo do Pobo Galego, e serve para incrementar a investigación, a divulgación e a conservación dos lugares da memoria que configuran a historia e a antropoloxía de Galicia. Ademais da obra do autor.



## Biblioteca Antón Fraguas





## PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

### II PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO 2019



**E**ste ano o IES Ribeira do Louro convocou o **II Premio de Textos Teatrais Roberto Vidal Bolaño** en colaboración coa EDITORIAL GALAXIA e o CONCELLO DO PORRIÑO.

O xurado do premio este ano está formado pola actriz Mónica Camaño, o dramaturgo Carlos Labraña e o profesor e coordinador dos grupos de teatro do IES Ribeira do Louro Delio García, actúa como secretaria do mesmo Raquel Castro, dramaturga e profesora.

A obra gañadora da pasada edición foi **A derradeira bala** de Fernando Castro, representada este ano por un dos grupos de teatro do centro.

O Premio fallarase o 17 de xuño e a entrega do mesmo farase o **sábado 29 de xuño ás 19:00 h.**, no IES Ribeira do Louro, e ó final do acto teremos uns petiscos.

Estades todos convidados!!!!



*Estas imaxes corresponden ao acto de entrega do premio da pasada edición*



# OFERTA EDUCATIVA IES RIBEIRA DO LOURO



IES RIBEIRA DO LOURO



EDUCACIÓN SECUNDARIO PARA  
PERSONAS ADULTAS **(PRESENCIAL)**

ENSINANZAS BÁSICAS  
INICIAIS

NIVEL I  
NIVEL II

PROBA LIBRE  
ESO ADULTOS

PROBA ACCESO  
CICLOS  
FORMATIVOS

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: TEATRO // CLUB DE LECTURA // OLIMPIADA DE BIOLOXÍA



IES  
RIBEIRA  
DO  
LOURO



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

Revista Escolar Órbita | Número XIV | Xuño de 2019  
IES Ribeira do Louro, O Porriño  
Equipo de Dinamización Lingüística